



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 12  
8 de setembro de 2020

Fascículo 3



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

###### **I 1054 (11/PRE-000061)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de elaborar un plan que permita evitar o risco de exclusión dos menores no caso de que as familias deban exercer o seu coidado por causa da suspensión da actividade lectiva como consecuencia da covid-19, así como sobre a realización dalgún estudo ao respecto [2726](#)

###### **I 1057 (11/PRE-000062)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 máis

Sobre a opinión da Consellería do Mar referida ao patrimonio etnográfico que tiña exposto a Asociación Mar de Noia nas antigas instalacións do Museo do Mar, a situación na que se atopa e as súas intencións en relación coa protección dos obxectivos polos que se dotou con 200.000 euros o proxecto de ampliación deste museo así como a súa valoración ao respecto [2738](#)

###### **I 1062 - 1265 (11/PRE-000063)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre os obradoiros ou talleres de emprego concedidos na Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da convocatoria publicada a través da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 17 de abril de 2019, a súa distribución territorial e os módulos impartidos, así como a súa duración [2731](#)

###### **I 1065 (11/PRE-000064)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre o funcionamento do dispositivo posto en marcha con motivo do accidente padecido o día 8 de agosto de 2020 por un hidroavión portugués que traballaba na extinción do incendio forestal rexistrado en Lobios, na provincia de Ourense [2734](#)

###### **I 1068 (11/PRE-000065)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o protocolo de prestación de servizos anticovid-19 que se está a seguir no distrito forestal XVII (O Condado-Paradanta), así como sobre o que se está a aplicar no caso de detectar un positivo [2736](#)



**I 1076 (11/PRE-000066)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre os criterios de carácter territorial seguidos pola empresa contratada para a instalación da banda larga [2738](#)

**I 1078 (11/PRE-000067)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar os accidentes de circulación provocados pola entrada de animais salvaxes nas vías de comunicación de titularidade autonómica así como sobre a contía das indemnizacións aboadas polos danos e perdas ocasionados a persoas físicas ou xurídicas entre os anos 2015 e 2020 [2740](#)

**I 1079 (11/PRE-000068)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para suprimir de xeito temporal o servizo de pediatría no consultorio de Meicende, no concello de Arteixo, así como sobre a asunción do compromiso de manter e mellorar os servizos ofertados nel [2743](#)

**I 1084 (11/PRE-000069)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para suprimir de xeito temporal o servizo de pediatría no consultorio de Meicende, no concello de Arteixo, así como sobre a asunción do compromiso de manter e mellorar os servizos ofertados nel [2745](#)

**I 1090 (11/PRE-000070)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para a reactivación económica da Mariña lucense, así como sobre as súas intencións respecto da aprobación dun plan específico para ese fin [2747](#)

**I 1091 (11/PRE-000071)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación dun plan de dixitalización para o rural da provincia de Lugo, tendo en conta a Deputación e os concellos [2750](#)

**I 1103 (11/PRE-000072)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas necesidades do sector do pequeno e mediano comercio así como co impacto nel da crise xerada pola pandemia da covid-19 [2752](#)



**I 1112 (11/PRE-000073)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do aumento do profesorado nos núcleos urbanos mediante o peche de escolas no rural e as súas previsións en relación co peche do CEIP de Verducido [2755](#)

**I 1114 (11/PRE-000074)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as modificacións de carácter orzamentario e económico que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para darlles resposta ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus, a valoración que fai da evolución dos indicadores macroeconómicos e as súas previsións respecto da evolución do produto interior bruto para finais de 2020 e comezos de 2021 [2759](#)

**I 1124 (11/PRE-000075)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre os resultados da avaliación dos indicadores reflectidos no plan de seguimento e sistema de avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación correspondente ao seu remate e o investimento realizado nel [2762](#)

**I 1131 (11/PRE-000076)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa evolución en Galicia da covid-19 [2765](#)

**I 1136 (11/PRE-000077)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre os prazos que manexa o Goberno galego para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela e a súa opinión respecto da existencia de risco de perda dos fondos europeos destinados para ese fin [2769](#)

**I 1137 (11/PRE-000078)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto do estado da estrada LU-170 no tramo comprendido entre Cabreiros e Momán, así como sobre a súa incidencia na seguridade viaria, no acceso ao polígono industrial de Xermade e no tecido industrial do concello [2771](#)

**I 1147 (11/PRE-000079)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Plan de reactivación do sector cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19 e os datos ao respecto [2773](#)

**I 1155 (11/PRE-000080)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do actual volume e da recente evolución dos depósitos e créditos en Galicia [2775](#)

**I 1167 (11/PRE-000081)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a reiteración das avarías e dos fallos rexistrados nas redes de telefonía e conexións á internet nas zonas do rural, así como respecto dos datos referidos ás incidencias producidas nos últimos cinco meses [2778](#)

**I 1174 (11/PRE-000082)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores e as súas previsións respecto da súa modificación co fin de garantir o dereito a unha vellez digna [2781](#)

**I 1180 (11/PRE-000083)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Castro García, Daniel e 3 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da perda de conexións e diminución das frecuencias en destinos internacionais nos tres aeroportos galegos, así como respecto da súa opinión en relación coa sustentabilidade no futuro do actual modelo aeroportuario de Galicia [2784](#)

**I 1203 (11/PRE-000084)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á posible incidencia da data da publicación da convocatoria e dos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 4 de agosto de 2020 no acceso ás axudas por xornada de inactividade durante o estado de alarma pola covid-19, así como no investimento da totalidade do orzamento destinado para ese fin, e as previsións ao respecto [2787](#)

**I 1209 (11/PRE-000085)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre a valoración e a xestión do Goberno galego en relación coa calidade da subministración de enerxía eléctrica en Galicia, así como co impacto dos temporais nela [2790](#)

**I 1218 (11/PRE-000086)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**



Sobre a existencia de criterios obxectivos para determinar as residencias de persoas maiores que se interviñeron como consecuencia da covid-19 e a atribución da responsabilidade desa decisión, a actuación levada a cabo pola dirección da residencia do Incio no tocante a protocolos e dispoñibilidade presencial do persoal, así como sobre a xestión desenvolvida nela antes e durante os contaxios [2795](#)

**I 1222 (11/PRE-000087)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e demais centros de investigación da Consellería do Medio Rural [2797](#)

**I 1229 (11/PRE-000088)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense, e co remate do convenio asinado para o uso compartido das instalacións da Residencia Florentino López Cuevillas [2806](#)

**I 1240 (11/PRE-000089)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación con todo o proceso que levou á sentenza xudicial ditada en contra da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa [2812](#)

**I 1248 (11/PRE-000090)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación dun plan integral de rexeneración das rías e dos ríos de Galicia para os anos 2020-2024 e as actuacións que vai levar a cabo para reducir de xeito eficaz os niveis de contaminación que rexistran [2815](#)

**I 1255 (11/PRE-000091)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento que se lles está a dar, no caso da subvención concedida para o Museo do Mar de Noia, aos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 24 de maio de 2016 e aos obxectivos marcados na solicitude presentada polo Concello, así como respecto da valoración que fai da situación actual do material recollido durante anos [2818](#)

**I 1263 (11/PRE-000092)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao impacto que tería no déficit de prazas existente o peche en Galicia dos centros de día da Cruz Vermella, así como sobre as actuacións e as medidas previstas ao respecto [2822](#)



**I 1271 (11/PRE-000093)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de deseñar un procedemento e unha normativa de teletraballo na Administración autonómica que permita actuar de xeito máis eficiente diante do alongamento da situación actual da pandemia da covid-19 ou diante do seu empeoramento, así como á realización dalgún estudo ao respecto e á valoración que fai das medidas de teletraballo adoptadas

[2825](#)**I 1277 (11/PRE-000094)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19

[2828](#)**I 1282 (11/PRE-000095)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do seu investimento en I+D+i e da situación laboral do persoal investigador, así como sobre as previsións ao respecto

[2831](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de setembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

#### Admisión a trámite e publicación

- 1054 (11/PRE-000061)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de elaborar un plan que permita evitar o risco de exclusión dos menores no caso de que as familias deban exercer o seu coidado por causa da suspensión da actividade lectiva como consecuencia da covid-19, así como sobre a realización dalgún estudo ao respecto

- 1057 (11/PRE-000062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 máis

Sobre a opinión da Consellería do Mar referida ao patrimonio etnográfico que tiña exposto a Asociación Mar de Noia nas antigas instalacións do Museo do Mar, a situación na que se atopa e as súas intencións en relación coa protección dos obxectivos polos que se dotou con 200.000 euros o proxecto de ampliación deste museo así como a súa valoración ao respecto

- 1062 - 1265 (11/PRE-000063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre os obradoiros ou talleres de emprego concedidos na Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da convocatoria publicada a través da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 17 de abril de 2019, a súa distribución territorial e os módulos impartidos, así como a súa duración

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 1265.

- 1065 (11/PRE-000064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre o funcionamento do dispositivo posto en marcha con motivo do accidente padecido o día 8 de agosto de 2020 por un hidroavión portugués que traballaba na extinción do incendio forestal rexistrado en Lobios, na provincia de Ourense





- 1068 (11/PRE-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o protocolo de prestación de servizos anticovid-19 que se está a seguir no distrito forestal XVII (O Condado-Paradanta), así como sobre o que se está a aplicar no caso de detectar un positivo

- 1076 (11/PRE-000066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre os criterios de carácter territorial seguidos pola empresa contratada para a instalación da banda larga

- 1078 (11/PRE-000067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar os accidentes de circulación provocados pola entrada de animais salvaxes nas vías de comunicación de titularidade autonómica así como sobre a contía das indemnizacións aboadas polos danos e perdas ocasionados a persoas físicas ou xurídicas entre os anos 2015 e 2020

- 1079 (11/PRE-000068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para suprimir de xeito temporal o servizo de pediatría no consultorio de Meicende, no concello de Arteixo, así como sobre a asunción do compromiso de manter e mellorar os servizos ofertados nel

- 1084 (11/PRE-000069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para suprimir de xeito temporal o servizo de pediatría no consultorio de Meicende, no concello de Arteixo, así como sobre a asunción do compromiso de manter e mellorar os servizos ofertados nel

- 1090 (11/PRE-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para a reactivación económica da Mariña lucense, así como sobre as súas intencións respecto da aprobación dun plan específico para ese fin

- 1091 (11/PRE-000071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación dun plan de dixitalización para o rural da provincia de Lugo, tendo en conta a Deputación e os concellos



- 1103 (11/PRE-000072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coas necesidades do sector do pequeno e mediano comercio así como co impacto nel da crise xerada pola pandemia da covid-19

- 1112 (11/PRE-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do aumento do profesorado nos núcleos urbanos mediante o peche de escolas no rural e as súas previsións en relación co peche do CEIP de Verducido

- 1114 (11/PRE-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as modificacións de carácter orzamentario e económico que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para darlles resposta ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus, a valoración que fai da evolución dos indicadores macroeconómicos e as súas previsións respecto da evolución do produto interior bruto para finais de 2020 e comezos de 2021

- 1124 (11/PRE-000075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os resultados da avaliación dos indicadores reflectidos no plan de seguimento e sistema de avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación correspondente ao seu remate e o investimento realizado nel

- 1131 (11/PRE-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa evolución en Galicia da covid-19

- 1136 (11/PRE-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre os prazos que manexa o Goberno galego para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela e a súa opinión respecto da existencia de risco de perda dos fondos europeos destinados para ese fin

- 1137 (11/PRE-000078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto do estado da estrada LU-170 no tramo comprendido entre Cabreiros e Momán, así como sobre a súa incidencia na seguridade viaria, no acceso ao polígono industrial de Xermade e no tecido industrial do concello



- 1147 (11/PRE-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Plan de reactivación do sector cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19 e os datos ao respecto

- 1155 (11/PRE-000080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do actual volume e da recente evolución dos depósitos e créditos en Galicia

- 1167 (11/PRE-000081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para evitar a reiteración das avarías e dos fallos rexistrados nas redes de telefonía e conexións á internet nas zonas do rural, así como respecto dos datos referidos ás incidencias producidas nos últimos cinco meses

- 1174 (11/PRE-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do actual modelo de centros residenciais para persoas maiores e as súas previsións respecto da súa modificación co fin de garantir o dereito a unha vellez digna

- 1180 (11/PRE-000083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da perda de conexións e diminución das frecuencias en destinos internacionais nos tres aeroportos galegos, así como respecto da súa opinión en relación coa sustentabilidade no futuro do actual modelo aeroportuario de Galicia

- 1203 (11/PRE-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á posible incidencia da data da publicación da convocatoria e dos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 4 de agosto de 2020 no acceso ás axudas por xornada de inactividade durante o estado de alarma pola covid-19, así como no investimento da totalidade do orzamento destinado para ese fin, e as previsións ao respecto

- 1209 (11/PRE-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a valoración e a xestión do Goberno galego en relación coa calidade da subministración de enerxía eléctrica en Galicia, así como co impacto dos temporais nela



- 1218 (11/PRE-000086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a existencia de criterios obxectivos para determinar as residencias de persoas maiores que se interviñeron como consecuencia da covid-19 e a atribución da responsabilidade desa decisión, a actuación levada a cabo pola dirección da residencia do Incio no tocante a protocolos e dispoñibilidade presencial do persoal, así como sobre a xestión desenvolvida nela antes e durante os contaxios

- 1222 (11/PRE-000087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e demais centros de investigación da Consellería do Medio Rural

- 1229 (11/PRE-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense, e co remate do convenio asinado para o uso compartido das instalacións da Residencia Florentino López Cuevillas

- 1240 (11/PRE-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación con todo o proceso que levou á sentenza xudicial ditada en contra da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

- 1248 (11/PRE-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación dun plan integral de rexeneración das rías e dos ríos de Galicia para os anos 2020-2024 e as actuacións que vai levar a cabo para reducir de xeito eficaz os niveis de contaminación que rexistran

- 1255 (11/PRE-000091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento que se lles está a dar, no caso da subvención concedida para o Museo do Mar de Noia, aos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 24 de maio de 2016 e aos obxectivos marcados na solicitude presentada polo Concello, así como respecto da valoración que fai da situación actual do material recollido durante anos

- 1263 (11/PRE-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao impacto que tería no déficit de prazas existente o peche en Galicia dos centros de día da Cruz Vermella, así como sobre as actuacións e as medidas previstas ao respecto



- 1271 (11/PRE-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de deseñar un procedemento e unha normativa de teletraballo na Administración autonómica que permita actuar de xeito máis eficiente diante do alongamento da situación actual da pandemia da covid-19 ou diante do seu empeoramento, así como á realización dalgún estudo ao respecto e á valoración que fai das medidas de teletraballo adoptadas

- 1277 (11/PRE-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto económico que está a ter para a comunidade educativa a obrigatoriedade do uso de máscaras e material de seguridade e limpeza como consecuencia da covid-19

- 1282 (11/PRE-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do seu investimento en I+D+i e da situación laboral do persoal investigador, así como sobre as previsións ao respecto

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase inmersa, xunto ao conxunto do Estado, nun momento sen precedentes, froito da pandemia provocada pola Covid-19 e preto do comezo do ano escolar. As familias con menores a cargo deben conxugar o exercicio laboral coa conciliación familiar, coas particularidades e incerteza do escenario que ofrece a nova situación.

Ante a posibilidade dun contaxio nas aulas que obriguen a corentena ou suspensión de clases, os pais e nais deben afrontar os coidados dos menores coas consecuencias laborais que iso supón, polo que a demanda dunha resposta por parte da administración competente nesta materia en Galicia e máis necesaria e urxente que nunca.

Para elo é preciso ter en conta ao colectivo de pais e nais e as circunstancias e variabilidade laboral deste. Trátase dunha cuestión fundamental para o conxunto da comunidade, xa que está en xogo, ademais, a produtividade comercial e empresarial nun dos momentos de crise máis complexos por motivos da pandemia, polo que resulta preciso reforzar aínda máis o tecido produtivo do país e máis a conciliación familiar e laboral en circunstancias excepcionais.

Unha das características da Covid é que a poboación de maior risco para o virus é a de idade avanzada, polo que a opción de conciliación mediante a delegación de coidados dos menores nos avós e avoas aporta un risco adicional para a poboación de maiores naqueles casos nos que se puidese contar con esa posibilidade.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Considera a Xunta de Galicia necesario elaborar algún plan que permita evitar o risco de exclusión dos menores no caso de que as familias deban exercer o coidado dos mesmos nos casos de suspensión da actividade lectiva?



- 2.<sup>a</sup>) Ten feito algún estudio sobre a necesidade e amplitude de tal programa?
- 3.<sup>a</sup>) Se o ten feito, que resultados ten atopado e que valoración fai dos mesmos?
- 4.<sup>a</sup>) Se non o ten feito, cal é o motivo?
- 5.<sup>a</sup>) Como vai dotar orzamentariamente este plan e con que cantidade?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 29/08/2020 10:39:37**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/08/2020 10:39:49**

**Julio Torrado Quintela na data 29/08/2020 10:40:03**





## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No ano 2004 presentábase á sociedade a Asociación Mar de Noia co obxectivo da defensa do patrimonio marítimo noiés e comezaban naquel momento a recompilar moito material vinculado ao mundo do mar. No mes de maio do ano 2011 o Goberno do Concello de Noia cedeu o uso da antiga Praza de Abastos á dita asociación e nestas instalacións municipais a Asociación creou o Museo do Mar, ao que dotaron dun museo cun gran valor patrimonial de pezas do mundo do mar, documentos e fotografías, expostas grazas ás doazóns dunha sociedade moi vinculada á dita asociación, que chegou a ter ata 60.000 visitantes ao ano, abrindo só xoves e domingos pola mañá.

No ano 2015 o Goberno do Concello de Noia, aprobou un primeiro orzamento de 250.000 euros para a remodelación deste equipamento municipal co obxectivo de mellorar as instalacións do museo do mar.

No ano 2017 as instalacións do dito museo pechan as portas para comezar as obras, que contan cun orzamento de 665.000 euros, con financiamento do propio Concello de Noia, da Deputación da Coruña, e do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca FEMP, no que a Consellería do Mar aporta o 15 %, para o seu financiamento conxunto.

As obras finalizaron e desde o Goberno municipal, non se puxeron en contacto coa Asociación Mar de Noia para poder establecer a organización do novo museo, non lles amosaron as novas instalacións e tampouco lles dixeron como ían recoller o numeroso material que teñen recompilado en diferentes radicacións do concello e que está cedido por particulares á dita asociación, do mesmo xeito o Goberno do Concello de Noia, declarou nos medios de comunicación que pedía aos cidadáns ideas para a utilización da dita infraestrutura e comezou a actividade nela cunha exposición itinerante da Rede de Museos Atlánticos, sen que se inaugurase o museo e se instalase nel o material que antes tiñan na dita infraestrutura municipal.

Como figura na páxina *web* do propio Grupo de Acción Local do sector pesqueiro Costa Sostible, que foi o que solicitou a subvención europea FEMP





para o proxecto de Ampliación do Museo do Mar, *“O proxecto de ampliación do Museo do Mar de Noia consiste nun proxecto de obra mediante o cal se ampliará o espazo expositivo e de actividades do museo, integrando no mesmo parte da muralla medieval do Casco Histórico de Noia. A finalidade principal e a de dar cabida suficiente ao material expositivo do museo dotándoo de novas tecnoloxías para unha mellor difusión do patrimonio cultural e histórico que albergue o museo. Asemade, asignar de mais capacidade de espazo ao museo responde á necesidade de atender mellor ao grande volume de visitas que recibe o museo diariamente. Deste xeito, favorecerase o número de actividades ofertadas e promoverase tamén o fluxo de turistas á vila de Noia ademais de poñer en valor o patrimonio e memoria mariñeiros”*

Ante a incerteza xerada polo Goberno do Concello de Noia, nunha obra de ampliación dunha infraestrutura municipal que recibiu fondos europeos, autonómicos e provinciais cun determinado obxectivo que agora parece cuestionado polo Goberno municipal, os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión da Consellería do Mar sobre o patrimonio etnográfico noiés, que tiña a Asociación Mar de Noia exposto nas antigas instalacións do Museo do Mar?

2ª) Como vai protexer a Consellería do Mar os obxectivos polos que a dita consellería e a UE dotaron de 200.000 euros ao proxecto de ampliación do Museo do Mar?

3ª) Que opinión ten a Consellería do Mar, do Museo do Mar de Noia que antes do peche das súas instalacións para realizar as obras de ampliación, contaba con máis de 50.000 visitas anuais, con aperturas só os xoves e domingos e que non xeraba ningún coste para as administracións públicas na súa xestión diaria?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 28/08/2020 14:27:28**

**Noa Susana Díaz Varela na data 28/08/2020 14:27:43**





**Julio Torrado Quintela na data 28/08/2020 14:27:58**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

*A Orde do 17 de abril de 2019 estableceu as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e procedeu a súa convocatoria para o ano 2019 dentro do marco das políticas activas de emprego, con medidas dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo plan anual de política de emprego (PAPE) e no ámbito da colaboración institucional e diálogo social entre o goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.*

Estes talleres duais de emprego concíbense como programas mixtos de formación e emprego, promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou entidades sen ánimo de lucro do sector forestal mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

Sinala a orde que a convocatoria de 2019, a distribución provincial de créditos para a financiación destes programas realizarase tendo en conta o número de persoas paradas e a evolución do paro rexistrado no período 2014-2018, evolución da poboación no citado período, e terase en conta, en coherencia cos programas Impulsa de Lugo e Ourense, informados polo Consello da Xunta de Galicia, o necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos.

En relación con esta orde, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales foron os obradoiros/talleres de emprego concedidos en virtude na convocatoria da Orde 4 de abril de 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa distribución territorial?
2. Cales foron os módulos competenciais impartidos nos obradoiros/talleres de emprego concedidos en virtude da convocatoria da Orde 4 do abril de 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia?



3. Cal foi a duración dos mesmos?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/08/2020 10:39:26**

**Marina Ortega Otero na data 31/08/2020 10:39:37**

**Julio Torrado Quintela na data 31/08/2020 10:39:46**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa Mesa a seguinte **corrección de erros** nos documentos con número de rexistro **1060, 1061 e 1062**.

### Corrección de erros:

Débese modificar o seguinte contido na formulación das preguntas, onde di: “...da Orde 4 de abril de 2019 na Comunidade Autónoma...”, debe dicir: “...da Orde 17 de abril de 2019 na Comunidade Autónoma...”.

Pazo do Parlamento, 3 de setembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Marina Ortega Otero  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

### Asinado dixitalmente por:

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/09/2020 16:18:43**

**Marina Ortega Otero na data 03/09/2020 16:18:54**

**Julio Torrado Quintela na data 03/09/2020 16:19:06**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día oito de agosto do presente ano, un hidroavión portugués que traballaba na extinción do incendio forestal rexistrado en Lobios, Ourense, que afectou a zonas do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés de Galicia e tamén de Portugal, sufriu un accidente.

En concreto unha aeronave CL-2015 da empresa Civil Babcock, con sede en Matacán, Salamanca, a que o Goberno portugués ten alugado varios aparatos.

O resultado deste accidente foi, lamentablemente, un piloto morto e outro piloto ferido.

Persoal da BRIF de Laza, o que felicitamos pola súa actuación, desprazouse ao lugar do accidente e lle practicaron os primeiros auxilios ás vítimas. Os servizos sanitarios tardaron unha hora en chegar, concretamente o Pesca 1 que se desprazou dende Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Porque tardaron unha hora en chegar os servizos médicos ao lugar do accidente?
2. Porque non acudiu o helicóptero medicalizado de Ourense?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/08/2020 11:34:22  
**Nº Rexistro: 1065**  
Data envío: 31/08/2020 11:34:22.941

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/08/2020 10:38:16**

**Martín Seco García na data 31/08/2020 10:38:27**

CSV: BOPGDSPGizFm0F6P7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García e Paloma Castro Rey**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 26 de agosto de 2019, o diario O Faro de Vigo faise eco dunha noticia que sinala que un total de 49 persoas, sete brigadas, seis condutores de motobomba e dous axentes ambientais están confinados tras a súa identificación como contactos estreitos os de un traballador do servizo de defensa contra incendios forestais do distrito XVII (O Condado-Paradanta), que traballa na zona de A Cañiza (Pontevedra), y que deu positivo por COVID-19.

*“Fuentes de la Consellería de Medio Rural han confirmado a Europa Press que la medida de aislar a estos 49 trabajadores todo el personal que tuvo "contacto estrecho" con el contagiado se adopta "de forma preventiva" y de acuerdo con los protocolos sanitarios establecidos. Todos los trabajadores están siendo sometidos a las pruebas para detectar si han sufrido un contagio y, de las 27 realizadas, 27 han dado un resultado negativo ...”*

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o protocolo de prestación de servizos anti Covid-19 que se sigue no distrito forestal XVII?
2. Os corenta e nove traballadores que prestan servizos teñen contacto estreito entre si?
3. Cal é o protocolo que está seguindo a Xunta de Galicia neste caso, unha vez detectado o positivo?
4. Que organismo ou entidade é a encargada de facer as probas os traballadores ?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta  
Martín Seco García  
Paloma Castro Rey  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/08/2020 10:38:47**

**Martín Seco García na data 31/08/2020 10:38:57**

**Paloma Castro Rey na data 31/08/2020 10:39:10**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Plan de Banda Ancha 2020, aprobado o día 1 de outubro do ano 2015 no Consello da Xunta de Galicia, asumiu os obxectivos marcados pola Axencia Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda ancha de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda ancha de máis de 100Mbps.

A crise sanitaria provocada pola COVID instaurou o teletraballo como unha fórmula de prestación de servizos que chegou para ficar, entendendo o teletraballo como una forma flexible de organización do traballo que consiste no desempeño dunha actividade profesional sen a presenza física do traballador/a na empresa, alo menos, durante unha parte importante do seu horario laboral pero moitos traballadores e traballadoras que residen na zona rural de Galicia, encontráronse coa imposibilidade de conectarse coas súas empresas, ante a carencia de banda ancha nas súas poboacións.

Isto unido a que é probable, que os nenos e nenas que residen na Galicia rural teñan, durante o curso escolar que se vai iniciar, que recibir en algún momento clases non presenciais e que sen banda ancha é imposible o seu seguimento pola falta de cobertura móbil nestes espazos coa conseguinte brecha diferencial que se produce entre as cidades e a poboación residente no noso rural.

Ademais de impedir o asentamento de poboación dado que teñen que buscar na cidade os servizos de que carecen nestas zonas tanto para eles como traballadores por contra propia ou conta allea.

As novas infraestruturas de conectividade de banda ancha de nova xeración desenrolada nos últimos anos facilitaron, os que dispuñan dela, de actividades económica e social, para empresas e particulares.

Mentres que as áreas rurais de Galicia sofren a despoboación dos seus territorios, as tecnoloxías da información cada vez se desenrolan máis rapidamente. Apoiados nestes avances, son moitos os expertos que recomentan



o uso do teletraballo como una forma de atallar a despoboación rural, especialmente entre a poboación máis nova e cualificada, precisamente o sector poboacional que máis incidencia ten no tecido socioeconómico.

Esta crise sanitaria deixa por tanto ben patente a necesidade de impulsar este plan subscrito xa no ano 2015.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é o criterio territorial seguido pola empresa contratada para a instalación de banda ancha?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/08/2020 10:40:14**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 31/08/2020 10:40:33**

**Martín Seco García na data 31/08/2020 10:40:45**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos accidentes de circulación producidos pola invasión na vía de especies cinexéticas ocorridos en vías de titularidade autonómica da provincia de Ourense durante os ano 2015 a 2020.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba el texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridad Viaria establece a obriga do titular da vía do mantemento da mesma nas mellores condicións posíbeis de seguridade para a circulación.

Non obstante, nos últimos tempos podemos comprobar como se están a producir un número importante de accidentes de circulación, cada vez con consecuencias de maior gravidade, provocados pola súbita irrupción na estradas de animais salvaxes. Accidentes nos que na meirande parte dos casos a condutora non ten responsabilidade algunha, nen posibilidade de evitar os mesmos. Alén do anterior a vixente normativa provoca que a propia usuaria sexa quen teña que asumir o custe persoal e/ou patrimonial das consecuencias dos sinistros nos que, como ficou exposto, ningunha responsabilidade ten na súa produción.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para evitar a produción, en vías de titularidade autonómica, de accidentes de circulación provocados pola irrupción de animais salvaxes?

Que cantidades, de ser o caso, tivo que abonar a Xunta de Galiza en concepto de responsabilidade patrimonial polos danos e perdas sufridos por persoas, físicas ou xurídicas, en accidentes de circulación ocorridos en vías de titularidade autonómica durante os anos 2015 e 2020?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**María González Albert**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/08/2020 12:01:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2020 12:01:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María González Albert na data 31/08/2020 12:02:04**



## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos primeiros meses do verán 2020, a Consellería de Sanidade quitou o servizo de pediatría do consultorio de Meicende en Arteixo, derivando os seus usuarios ao Centro de Saúde de Vilarrodís no mesmo concello, ata a denuncia feita pública polo PSdeG-PSOE que fixo que se repuxese o servizo catro días á semana.

Desde a posta en marcha do Centro de Saúde de Vilarrodís, moitos dos usuarios do consultorio de Meicende foron derivados a este novo centro de saúde e coa súa apertura non se produciron incrementos significativos nos servizos que a Consellería de Sanidade daba aos usuarios no dito concello, facendo unha simple recolocación de médicos de familia e persoal sanitario ao novo centro.

A cidadanía da parroquia de Pastoriza e máis en concreto do núcleo de Meicende está moi preocupada pola posible perda do servizo de pediatría e ten medo a que a Consellería de Sanidade queira levar a cabo o peche do consultorio derivando aos seus pacientes cara ao Centro de Saúde de Vilarrodís. Ademais levan solicitando da Consellería de Sanidade a ampliación dos servizos de medicina de familia ao horario de tarde, para que moitas persoas traballadoras teñan a posibilidade de poder acudir neses horarios, sen que a Consellería dese resposta ás reivindicacións.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cales son os motivos da eliminación temporal do servizo de pediatría no consultorio de Meicende?
- 2ª) Pode comprometerse o Goberno galego a manter e mellorar os servizos ofertados no dito consultorio?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 28/08/2020 14:23:19**

**Julio Torrado Quintela na data 28/08/2020 14:23:36**

**Marina Ortega Otero na data 28/08/2020 14:23:47**





## Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos primeiros meses do verán 2020, a Consellería de Sanidade quitou o servizo de pediatría do consultorio de Meicende en Arteixo, derivando os seus usuarios ao Centro de Saúde de Vilarrodís no mesmo concello, ata a denuncia feita pública polo PSdeG-PSOE que fixo que se repuxese o servizo catro días á semana.

Desde a posta en marcha do Centro de Saúde de Vilarrodís, moitos dos usuarios do consultorio de Meicende foron derivados a este novo centro de saúde e coa súa apertura non se produciron incrementos significativos nos servizos que a Consellería de Sanidade daba aos usuarios no dito concello, facendo unha simple recolocación de médicos de familia e persoal sanitario ao novo centro.

A cidadanía da parroquia de Pastoriza e máis en concreto do núcleo de Meicende está moi preocupada pola posible perda do servizo de pediatría e ten medo a que a Consellería de Sanidade queira levar a cabo o peche do consultorio derivando aos seus pacientes cara ao Centro de Saúde de Vilarrodís. Ademais levan solicitando da Consellería de Sanidade a ampliación dos servizos de medicina de familia ao horario de tarde, para que moitas persoas traballadoras teñan a posibilidade de poder acudir neses horarios, sen que a Consellería dese resposta ás reivindicacións.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cales son os motivos da eliminación temporal do servizo de pediatría no consultorio de Meicende?
- 2ª) Pode comprometerse o Goberno galego a manter e mellorar os servizos ofertados no dito consultorio?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020





**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 28/08/2020 14:23:19**

**Julio Torrado Quintela na data 28/08/2020 14:23:36**

**Marina Ortega Otero na data 28/08/2020 14:23:47**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Mariña lucense, motor económico fundamental da provincia de Lugo, leva moito tempo facendo unha chamada de auxilio ás distintas administracións públicas para que non a deixen morrer.

Esta chamada de auxilio materializouse unha vez máis, a finais de xuño deste ano, nunha multitudinaria manifestación en Burela, convocada polas centrais sindicais UXT, CCOO e CIG, na que se reclamaba un futuro para a Mariña de Lugo e se pedían melloras en infraestruturas, en servizos, en sanidade, en educación, en industria, nos sectores primarios ...

Tendo en conta a crise industrial e de emprego que se está a sufrir na Mariña desde hai tempo co peche de grandes empresas xeradoras de emprego nos últimos anos como Ecar, Maderas Lorenzo, ECESA, Gres Burela, IPV, Macesa, Conservas Alonso ou máis recentemente Muebles Hermida, sen esquecer que tamén hai outras moitas empresas pequenas, comercios e autónomos que tamén tiveron que baixar a persiana dos seus negocios. E todo elo, agravado pola posibilidade de peche da factoría de Aluminio de San Cibrao, en proceso de venda da multinacional estadounidense Alcoa á firma Liberty House gracias a intervención do Estado.

Esta crise industrial e de emprego que xa se viña vivindo na Mariña desde hai tempo agravouse coa crise provocada pola Covid-19, e máis se temos en conta que esta comarca sufriu ao longo do mes de xullo deste ano maiores restricións sanitarias que o resto de Galicia, xa que a Xunta de Galicia decretou a principios dese mes o peche dos accesos ao distrito sanitario da Mariña (por certo, medida empregada pola Xunta de Galicia unicamente para esta comarca) e posteriormente limitou esa restrición só ao concello de Burela, provocando grandes perdas económicas. Nesta situación faise necesario e urxente un plan de reconstrución propio e exclusivo desta comarca. A Xunta de Galicia non pode desatender esta comarca ante a difícil situación que está a atravesar. A Mariña lucense ten que ter unha atención especial nesta lexislatura que agora comezamos.



Por iso é imprescindible que a Xunta aprobe un Plan de reconstrución consensado coa oposición, coas entidades locais da Mariña lucense, así como cos axentes sociais e económicos da comarca, que conteña unha estratexia de reactivación económica dela. O dito plan debe de conter como mínimo:

- Plan de industrialización. Os gobernos de Núñez Feijóo non investiron nin un só euro en modernizar e impulsar medidas industriais para A Mariña, cando a propia Xunta de Galicia ten competencias plenas nesta materia como así lle outorga o Estatuto de autonomía de Galicia.
- Potenciación do noso turismo: tanto interior como de costa.
- Medidas de apoio á hostalería e restauración.
- Medidas de apoio aos sectores primarios: agricultura, gandería, pesca, forestal .
- Axudas a autónomos e a pequenas e medianas empresas.

Ante esa situación as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que medidas adoptou e cales ten previsto aprobar o Goberno galego para a reactivación económica da Mariña lucense?

2ª) Ten pensado o Goberno galego aprobar un plan específico para a reconstrución económica da Mariña lucense, que conteña unha estratexia para a súa reactivación económica?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 28/08/2020 14:15:08**





**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/08/2020 14:15:22**

**Martín Seco García na data 28/08/2020 14:15:34**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A pandemia producida pola Covid-19 puxo de manifesto a urxencia dalgunhas reformas que a día de hoxe son inevitables e imparables. O confinamento pola Covid-19 que implicou, entre outras medidas, a necesidade de empregar preferentemente o teletraballo, así como o peche de escolas, puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo e a posibilidade de traballar desde as nosas casas.

Por exemplo, no relativo aos peches das escolas e ao confinamento dos alumnos e alumnas nas súas casas esíxenos unha resposta para manter en funcionamento o servizo público educativo en igualdade de oportunidades para todo o alumnado da provincia. O sistema educativo ten o deber e a necesidade de garantir a igualdade do alumnado, así como a equidade e a calidade educativa e ao mesmo tempo facer efectiva a posibilidade de que cada estudante desenvolva o máximo das súas potencialidades, con independencia de onde resida.

Un caso similar acontece co traballo en liña, nestes intres son necesarios mecanismos para facilitar este medio de traballo en calquera parte do territorio, e máis se cabe agora que a situación de excepcionalidade que estamos a afrontar, e que esixe pensar e prever para o futuro.

Na provincia de Lugo, sobre todo no rural, moitos veciños e veciñas carecen ou teñen mala cobertura de telefonía móbil e internet, o que supón unha discriminación social, que incide directamente na perda de emprego e no despoboamento do rural.

Nos tempos que vivimos, os socialistas da provincia de Lugo consideramos un dereito ter unha sinal adecuada de telefonía móbil e internet, vivas onde vivas. A dixitalización do mundo rural é clave para o seu desenvolvemento, tanto para avanzar en competitividade e sostibilidade, como para facer fronte ao despoboamento. Para acadar estes obxectivos é fundamental superar a fenda dixital que existe entre o rural e o urbano. Esta dixitalización ten que se converter nunha prioridade se de verdade queremos apostar dun xeito real e decidido polo



noso rural, e non só con *slogans* e propaganda como adoita facer o Partido Popular de Galicia.

As axudas europeas aprobadas para a recuperación económica trala pandemia destinan fondos para a dixitalización e melloras de infraestruturas tecnolóxicas, co fin de que tanto as empresas como a cidadanía estean máis e mellor preparados, e buscan garantir unha conexión dixital adecuada ao 100 % da poboación con independencia do seu lugar de residencia. Por iso é preciso que os fondos europeos destinados á dixitalización que se van transferir ás comunidades autónomas vaian condicionados tendo en conta ás entidades locais, é dicir, á deputación e aos concellos da provincia de Lugo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia a aprobar un Plan de Dixitalización para o rural da provincia de Lugo, tendo en conta ás entidades locais, é dicir, a Deputación Provincial de Lugo e os concellos da provincia, De ser o caso, en que prazos?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 28/08/2020 14:04:41**

**Martín Seco García na data 28/08/2020 14:04:55**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/08/2020 14:05:12**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da COVID-19 está a supor un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local. Pese a que as competencias en materia de comercio interior correspóndelle de forma exclusiva á Xunta de Galicia segundo se establece no artigo 30.I.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o pequeno comercio de Galicia está inxustamente desatendido.

Son as administracións locais as que están promovendo actuacións enfocadas á dinamización do sector co fin de incrementar o consumo e de xerar emprego nos seus concellos. Os gobernos locais son conscientes da situación de urxencia do pequeno e mediano comercio, non sendo así na Xunta de Galicia.

Desde a publicación do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 o Goberno de España estableceu unha ampla serie de medidas enfocadas a paliar as consecuencias negativas do parón económico. Como foi a aplicación dos ERTE, a implantación da prestación extraordinaria por cese de actividade ou o establecemento de moratorias e aprazamentos de débedas fiscais, tributarias ou hipotecarias.

O Goberno estatal segue enviando recursos económicos ás comunidades autónomas que na maioría dos casos se destinaron a axudas directas para a apertura dos locais, a adquisición de equipamentos de protección de seguridade de traballadores e traballadoras e para colaborar nos custos fixos do negocio. Sen embargo, a Xunta de Galicia tan só destinou unha partida de 16 millóns de euros para os máis de 30.000 comercios que existen en Galicia. Cantidade insuficiente tendo en conta as necesidades existentes.

O Goberno autonómico amosa unha despreocupación total polos nosos e nosas comerciantes nesta etapa que estamos a vivir polo que compre apremar á Xunta de Galicia, que é a que ten as competencias en materia de comercio, para que empregue eses recursos estatais en apoiar e dinamizar o pequeno e mediano comercio da nosa comunidade autónoma.





Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que está a dar unha resposta axeitada ás necesidades do sector do pequeno e mediano comercio da Comunidade Autónoma de Galicia?
2. Que criterios está a empregar o Goberno galego para distribuír os fondos que o Goberno do Estado lle ten transferido á Xunta de Galicia para garantir o mantemento do pequeno e mediano comercio na Comunidade Autónoma de Galicia?
3. Cal foi o destino, desglosado por sectores, provincias, e concellos, así como relación completa das persoas beneficiarias dos mesmos, dos fondos remitidos polo goberno do Estado par axudas ao pequeno e mediano comercio local?
4. Ten feito unha valoración do impacto da crise orixina pola pandemia da COVID-19 sobre o pequeno e mediano comercio da Comunidade Autónoma de Galicia?
5. Cales foron as distintas medidas que, con fondos propios, leva adoptado a Xunta de Galicia para reducir ao máximo posible ese impacto? Sinalar as partidas e desglosar por sectores, provincias e concellos, así como a relación completa das persoas beneficiarias das mesmas.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 31/08/2020 12:40:22**





**Martín Seco García na data 31/08/2020 12:40:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A aparición da pandemia da COVID-19, fai que nos atopemos ante unha situación excepcional, e nunca antes vivida, que puxo de relevo as enormes dificultades de tódolos nosos sistemas, e especialmente o educativo.

Dende o peche dos colexios, como medida preventiva ante a pandemia, enfrontámonos a un escenario de incerteza no que lle corresponde ao Goberno autonómico da Xunta de Galicia dar respostas á comunidade educativa.

A educación é un dereito que debemos protexer sempre, e especialmente nas circunstancias máis duras. En situacións de emerxencia, a educación ofrece protección e reduce as repercusións psicosociais dunha crise ao ofrecer un sentimento de normalidade, estabilidade, estrutura e esperanza, proporcionando ademais elementos esenciais para a estabilidade económica no futuro.

A Xunta de Galicia, como órgano competente, debe garantir o dereito fundamental a unha educación pública de calidade, e impedir que aproveitándose desta circunstancia se abra unha brecha na desigualdade da educación por motivos por exemplo territoriais, se residen os/as alumnos/as no rural ou nas cidades.

No municipio de Pontevedra hai 10 escolas unitarias, situadas nas diferentes parroquias, que contan cun rateo de alumnos/as inferior ás escolas sitas no casco urbano o que supón no momento de pandemia que vivimos, unha gran vantaxe en termos de seguridade sanitaria para eses alumnos/as.

Por outra banda este rateo de alumnos e alumnas, inferior ao de 25 nenas/os por aula que se mantén na área urbana, permite que o modelo pedagóxico utilizado sexa máis participativo, e próximo. E a situación nas parroquias fai de elemento dinamizador das mesmas, xerando a interacción entre o alumnado, as familias, e as persoas da contorna, ademais da apertura ao medio e a natureza.

O medio rural é rico en recursos, e isto supón unha gran fonte de aprendizaxe xa que as escolas non se reducen ás aulas.



Na parroquia de Verducido, existe unha escola de Infantil e Primaria, esta última aberta dende o ano 1965, que vén contando cunha media de entre 25 e 40 alumnos/as.

É unha escola que conta con aulas grandes, 3 patios e está situada nunha contorna que favorece a interacción do alumnado coa natureza e o entorno rural no que viven.

Non conta con servizo de comedor nin autobús, polo que o coste de manter esta escola aberta redúcese respecto a outras. A pesares disto, o ano pasado a Xunta de Galicia cerrou unha das aulas de infantil que contaba con 18 alumnos.

O modelo educativo que se sigue nesta escola é inclusivo e diverso, as súas dimensións e o entorno fan que dende fai anos se leve a cabo neste centro un proxecto innovador, no que se utilizan metodoloxías novas e pioneiras na nosa contorna. Isto fixo que levara máis dunha ducia de premios e recoñecementos a nivel educativo, e que colaborase na coordinación de varios proxectos en colaboración con escolas finlandesas.

Este curso teñen como proxecto iniciar unha colaboración activa coa escola O Pelouro de Caldelas de Tui, cuxo modelo psico-socio-pedagóxico, que aposta por unha integración saudable, fai que sexa unha escola de referencia a nivel estatal.

A pesaren de todo isto, dende o mes de xuño a Xunta de Galicia, ameaza con pechar esta escola, situación que mantén en vilo a todos os docentes e alumnos/as da mesma.

A pasada semana, dende a Consellería de Educación comunicouse á directora do centro a vontade de pechar o mesmo, e reubicar para este curso 20/21, aos nenos/as nunha escola sita noutra parroquia. Decisión totalmente arbitraria que a día de hoxe, a escasos 10 días do inicio do curso escolar non foi publicada de xeito oficial.

Esta medida non ten sentido ningún no momento que nos atopamos, ademais de producir un grave prexuízo a educación unitaria polo peche de un centro con alta calidade educativa e pedagóxica, supón unha contradición cos parámetros educativos establecidos para a “nova normalidade”, que debería apostar polas escolas cun número de alumnos inferior as ratios de 25 por aula, e onde poderían reubicarse facilmente nenas e nenos doutras escolas ao estar situada a escasos 10 minutos do centro urbano.



Por outra banda, entendemos que a Xunta de Galicia ten a obriga de facer un esforzo para ofertar aos nenos e nenas do rural a mellor educación posible, dende a igualdade de oportunidades, apostando e apoiando ás familias que decidiron vivir no rural, conseguindo así enraizar á poboación sen que se vexan obrigadas en ningún momento a renunciar a unha educación pública de calidade.

O peche dunha escola no momento que nos atopamos non ten xustificación posible.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pretende a Xunta de Galicia, aumentar o profesorado nos núcleos urbanos á conta de o peche de escolas no rural?
2. Cre que no momento que nos atopamos é coherente pechar escolas, reducindo así o número de centros dispoñibles?
3. Non cren que as escolas unitarias con menor rateo de alumnado favorece o cumprimento dos protocolos sanitarios, de distanciamento social, mellorando a seguridade do alumnado e por ende da sociedade?
4. Coñecen a metodoloxía pedagóxica utilizada no CEIP de Verducido?
5. Teñen coñecemento da ducia de premios recibidos por esta escola e o seu recoñecemento internacional?
6. Van pechar o CEIP de Verducido?
7. Non creen que o peche de escolas unitarias sitas no rural favorece a despoboación do mesmo?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Noa Díaz Varela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 31/08/2020 13:37:27**

**Noa Susana Díaz Varela na data 31/08/2020 13:37:37**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/08/2020 13:37:53**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O impacto da pandemia do coronavirus na economía internacional, estatal e galega é indiscutíbel e, ao longo dos próximos meses e anos, seguirá presente. É unha cuestión que se debe analizar desde o ámbito galego para así poder deseñar as mellores respostas posíbeis para que esta nova crise económica sexa abordada de forma diferente á crise financeira desatada a partir do ano 2008 e que nin Galiza teña un papel subsidiario nin sexan as maiorías sociais quen asuman as consecuencias máis negativas.

A finais do mes de agosto coñecíase a actualización estatística respecto dos datos do PIB por parte do IGE e, como era de agardar, este indicador sufría unha caída é espectacular, do 14,5 respecto ao I trimestre do ano e do 17,9 respecto ao ano anterior.

Cómpre recordar que en xullo o Foro económico facía unha previsión para fin de ano que no escenario optimista, sen novos confinamentos e cun acelerón despois do verán, acabaría cunha caída do 8,5%, e de haber novos confinamentos e afectación de rebrotos, un escenario pesimista de 18,5%.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É necesario coñecer a previsión da Xunta de Galiza e as actuacións que está a desenvolver para adaptar a súa política económica, orzamentaria e financeira ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que correccións de orientación orzamentaria e económica vai desenvolver a Xunta de Galiza para dar resposta ás necesidades e incertezas xeradas pola pandemia do coronavirus?

-Que valoración fai a Xunta de Galiza da evolución dos indicadores macroeconómicos?

-Ten a Xunta de Galiza algunha previsión de seu respecto de cal pode ser a evolución do PIB para finais de 2020? e para comezos do 2021?

-A que atribúe a Xunta de Galiza a caída máis lenta dos indicadores macroeconómicos galegos? Considera que a capacidade de amortiguación é similar ou diferente á da anterior recesión?

-Considera a Xunta de Galiza que o noso país precisa máis soberanía e capacidade de decisión para tomar as súas decisións económicas?

-Conformarase o goberno galego con adoptar novamente un papel subsidiario respecto das decisións do goberno central e das institucións europeas?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2020







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2020 13:42:06**

**Ramón Fernández Alfonso na data 31/08/2020 13:42:10**

**Daniel Pérez López na data 31/08/2020 13:42:20**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi presentado en setembro do ano 2016 e elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade” e inclusión e integración da diversidade), expón seis eixes:

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).
4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visualizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.



6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha das cales se aplica a varios obxectivos.

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos nos que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Este grupo parlamentario presentou diversas iniciativas ao longo da pasada lexislatura do Parlamento de Galicia para coñecer a avaliación do plan desde o seu primeiro curso de vixencia (2016-2017). Todas cantas veces foron debatidas proposicións non de lei, foron rexeitadas pola maioría absoluta do Partido Popular, co incoherente argumento de que a avaliación se realizaría ao remate do plan, eliminado deste xeito a necesidade da máis que acreditada conveniencia de levar a cabo a avaliación de implementación como procede en calquera política pública.

Considerando que o horizonte temporal que comprendía a vixencia deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia eran os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que todos eles remataron, semella que os febles argumentos empregados para rexeitar a avaliación do plan carecen xa de sustento.

Por outra parte, o plan carece dunha memoria económica xa que implicou gasto ordinario tanto da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional como da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que tamén resulta pertinente coñecer o que cada unha delas gastou en cada curso de vixencia do plan.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Existiu ao longo dos cursos de aplicación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia a avaliación dalgún dos indicadores previstos no seu plan de seguimento e sistema de avaliación? De ser así, cales foron os indicadores avaliados e con que resultados?

2ª) Tivo indicios a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ao longo dos cursos de implementación do plan da necesidade de incidir nalgunha das medidas incluídas no plan ou incluír algunha nova?

3ª) Iniciouse a avaliación correspondente ao remate do plan?



4ª) En que prazo serán coñecidos publicamente os resultados da avaliación do plan?

5ª) Cal foi a cantidade gastada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en cada curso no plan?

6ª) E a Secretaría Xeral da Igualdade?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2030

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/08/2020 12:49:06**

**Noa Susana Díaz Varela na data 31/08/2020 12:49:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### Exposición de motivos

Segundo o informe do seguimento da COVID 19 20 de agosto realizado polo Instituto de Saúde Carlos III, xunto coa Rede de Vixilancia Epidemiolóxica o 73% das persoas contaxiadas en Galiza non teñen un contacto coñecido, subindo esta cifra ao 79.5 no do 27 de agosto. Estas son, con moito, a porcentaxe máis elevadas do Estado.

Non hai dúbida que esta porcentaxe está en relación co funcionamento dxs rastrexadorxs. En Galiza segue sendo unha incógnita, a Xunta dixo en maio que contaba cun equipo de 20 persoas, logo o propio Presidente Núñez Feixóo afirmou que contaba con 6.108. Transcendeu tamén a información da contratación coa empresa de call center, Konecta, para que realizara este traballo, e a última información é a intención da Xunta de solicitar xs rastrexadorxs do exército ofrecidos polo Goberno español.

Unha parte moi importante dos contaxios prodúcense por persoas asintomáticas, ou antes de que desenrole síntomas, e poden estar infectadas un mínimo de dous días, e até sete, sen que ocorra.

Iso significa que que detectar xs positivos, identificalxs, illalos... é unha carreira contra o tempo. O acerto e a efectividade das decisións depende en grande medida dunha información fiable e rigorosa.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No BNG lamentamos que en ningún momento a estratexia da Xunta pasara por reforzar a sanidade pública, en especial a Atención Primaria, que non se tivera preparado o dispositivo con anticipación, a pesares de existir a certeza de que unha nova onda de contaxios se ía producir.

Para poder actuar con anticipación existe tamén o mecanismo de monitorizar as augas residuais para realizar a análise da carga viral de Sars-CoV-2 de presente nas mesmas

Esta información facilita detectar con antelación os gromos, xa que permite anticiparse, porque determina a carga viral aínda que as persoas sexan asintomáticas. Facilita unha información valiosa para prever, acoutar e conter os gromos de coronavirus o antes posíbel, a detección antes de que os síntomas aparezan na poboación.

Estudos deste tipo están sendo implementados en diversos países da Unión Europea, no Estado español e en Galiza como é o caso do posto en marcha no mes de abril entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, e a Universidade da Coruña.

Diante disto as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Vai a Xunta de Galiza rematar coa opacidade e falta de transparencia na información sobre a incidencia da COVID 19?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a razón de non facilitar a información de xeito claro: número de casos novos diarios, tipo de test que se están realizando e a cantas persoas, datos por concellos, acumulado histórico...?

Que opinión lle merece que Galiza lidere, con moito, o número de contaxios sen identificar a procedencia?

Cando vai informar da situación real dos rastrexos de persoas infectadas por COVID 19?

Cantas persoas se adican a esta función?

Cal é a súa formación?

Hai unha empresa que realiza esta función?, cal é?

Cal é a razón de non ter contratado a profesionais das listas do Sergas para realizar esta función?

Vai poñer en marcha un plan de monitoreo das augas residuais para realizar a análise da carga viral de Sars-CoV-2, que abarque o maior número posíbel de estacións depuradoras, como mínimo todas as cidades?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2020 15:21:49**

**Iria Carreira Pazos na data 31/08/2020 15:22:02**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Pablo Arangüena Fernández e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En Burela hai unha necesidade urxente dunha nova depuradora de augas residuais (EDAR). É un problema que arrastran os veciños e veciñas de Burela desde hai anos.

Xa en decembro do ano 2011 o por aquel entón alcalde, o señor Barcia, admitía problemas case a diario coa depuradora de augas residuais e quería unha nova para o concello.

En abril de 2015 Augas de Galicia detectaba incumprimentos na dita depuradora.

En agosto de 2018 a UE avisaba a España por fallos na depuración en varios concellos galegos, entre eles o de Burela.

As primeiras informacións apuntaban a que as novas instalacións da EDAR poderían estar en funcionamento no ano 2017, pero os traballos fóronse dilatando e a día de hoxe seguen pendentes, correndo o risco serio de que se non se rematan estas obras en prazo se perdan fondos europeos.

A directora de Augas de Galicia dixo na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos da Xunta para o 2020, que nese ano se finalizará a redacción do proxecto de saneamento, orzamentando para iso 250.001 €. Estamos a falar dunha obra que se prevé que rolde os 9.000.000 €.

Ante esta situación é preciso unha actuación urxente, xa que a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova depuradora de augas residuais.

Por iso a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os prazos que manexa a Xunta de Galicia para a construción da nova depuradora de augas residuais de Burela?



2ª) Considera a Xunta de Galicia que cos prazos que baralla para a construción da nova EDAR de Burela se poñen en perigo os fondos europeos previstos para esta construción?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 31/08/2020 13:03:21**

**Pablo Arangüena Fernández na data 31/08/2020 13:03:35**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 31/08/2020 13:03:51**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A veciñanza de Xermade, así como os grupos políticos con representación no Concello de Xermade e mesmo a federación provincial de asociacións de veciños levan anos solicitando da Xunta de Galicia que arranxe a estrada LU-170 no seu tramo Cabreiros-Momán, que se atopa nun estado deplorable e perigoso cun firme deteriorado, curvas de difícil trazado e un ancho deficiente.

A falla de obras de mellora, así como as condicións climatolóxicas fan que o deterioro deste tramo aumente ano tras ano. É urxente que se arranxe este tramo porque ademais de perigoso ten paralizado o polígono industrial da localidade xa que os transportes especiais non poden acceder a el dificultando así o desenvolvemento económico do concello de Xermade.

Apoiar ao rural precisa de investimentos que permitan desenvolver a súa economía e neste caso o arranxo do tramo Cabreiros Momán sería un impulso ao tecido empresarial de Xermade, máis necesario agora se cabo pola crise producida pola Covid-19, ademais de beneficiar aos concellos do seu trazado. Neste senso precísase que a Provincia de Lugo estea ben comunicada entre si e tamén co resto de Galicia e esta estrada serve para se comunicar coa provincia da Coruña xa que de Momán sae unha estrada que enlaza coas Pontes.

O PP e a Xunta de Galicia xa se comprometeran a realizar estas obras en 2011, incluso foi publicado un proxecto no DOG que contemplaba as seguintes actuacións:

- Mellora de interseccións existentes por medio de cuñas de cambio de velocidade.
- Reforzo do firme.
- Definición novos cambios de sentido.
- Construción dunha nova glorieta que permite modificar a intersección entre LU-170 coa LU-2205 a Miraz, e a LU-2213 co parque empresarial de Xermade.



Pero estas actuacións quedaron nunha nova promesa incumprida da Xunta de Galicia, así como tamén quedou en fume e propaganda o compromiso feito pola Xunta de Galicia en 2015 de realizar unha serie de melloras no tramo Cabreiros-Momán da LU-170.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora a Xunta de Galicia o estado da estrada LU-170 no seu tramo entre Cabreiros e Momán?
- 2ª) Considera a Xunta de Galicia que é un tramo seguro para os usuarios que a empregan?
- 3ª) Como valora a Xunta de Galicia os problemas que teñen os vehículos, sobre todo os transportes especiais, para acceder ao polígono industrial de Xermade?
- 4ª) Non considera que a mala situación desta estrada ten unha incidencia negativa sobre o tecido industrial do concello de Xermade?
- 5ª) Que pensa facer a Xunta de Galicia ante o mal estado da estrada LU-170 no tramo Cabreiros-Momán?
- 6ª) Por que non cumpre a Xunta de Galicia as promesas feitas en 2011 e 2015 sobre o arranxo da estrada LU-170?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 31/08/2020 12:55:46**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 31/08/2020 12:56:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A industria turística representa o 12,3 % do PIB galego e en 2019 xera 123.000 empregos. Cifras que nos últimos anos creceron ata xerar 314 millóns só en ingresos hoteleiros.

Na situación pandémica actual, o sector turístico foi e é, sen dúbida, o sector económico máis golpeado, con repercusións especiais na hostalería e no transporte, e a súa recuperación será complexa co paso do tempo debido a múltiples factores, que afectan tanto á oferta como á demanda.

Os destinos turísticos son principalmente vilas e cidades, sendo un sector clave para os concellos turísticos de praia, as grandes cidades, os destinos culturais e gastronómicos, os espazos naturais e os pequenos municipios turísticos do rural.

A Xunta de Galicia con competencias en turismo segundo establece o artigo 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia, puxo en marcha o Plan Reactivación do sector Cultural e Turístico. Segundo ese plan o Goberno autonómico actúa en catro ámbitos: información, formación, asesoramento e financiación.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como está a desenvolver o Goberno galego o Plan de Reactivación do sector Cultural e Turístico de Galicia?
2. Que formación se lles está dando aos e ás profesionais do sector?
3. Cantas persoas recibiron formación?
4. Cantas empresas recibiron asesoramento?



5. Cantas empresas do sector turístico recibiron financiación para adaptarse ás medidas de seguridade sanitaria?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 31/08/2020 16:23:12**

**Martín Seco García na data 31/08/2020 16:25:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á evolución negativa do crédito en Galiza e as medidas para corrixir esta situación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos, dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos alertando da mala evolución do crédito en Galiza, particularmente dende a data na que comezou a gobernar Feijóo, o 2009, así como da mala evolución do crédito en función dos depósitos tamén nese período.

A comezos da pasada lexislatura, 15.000 millóns de euros de aforro galego destinábanse a dar créditos fóra. Tratábase dun volume de aforro importante que emigraba para investimentos fóra do noso país. Máis aínda, lonxe de se corrixir esta situación, ou estabilizarse, os últimos datos dispoñíbeis no momento de presentar esta iniciativa non fan máis que agrandar esa xa moi negativa situación, posto que na actualidade son 25.087 millóns de euros de aforro galego que emigran para fornecer crédito noutras partes do Estado. É unha cifra que equivale a 2,5 veces os orzamentos galegos para 2020, ou ao 40% do PIB galego.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Galiza conta cun volume de créditos de 42.192 millóns de euros e 67.279 en depósitos, polo que os créditos só supoñen o 62,7% dos depósitos existentes no país. É dicir, de cada tres euros en depósitos en Galiza, máis dun euro emigra para dar crédito a outros territorios.

Polo tanto, baixo o punto de vista do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista cómpre estudar e avaliar esta evolución e coñecer a análise do goberno sobre a situación actual do crédito en Galiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración realiza a Xunta de Galiza do actual volume e evolución recente dos depósitos e créditos en Galiza?

A que cre a Xunta de Galiza que é debido a mala evolución da relación entre créditos e depósitos dende o 2009?

Considera a Xunta de Galiza que a reestruturación bancaria e a perda de entidades financeiras propias influíu na evolución do crédito en Galiza?

Que medidas vai a impulsar a Xunta de Galiza para que o aforro galego se traduza en crédito no noso país?

Considera a Xunta de Galiza que os institutos de finanzas de territorios como Euskadi e Cataluña favorecen o seu desenvolvemento económico?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ten realizado a Xunta de Galiza algún estudo sobre a transformación do Igape nun instituto de crédito? ten previsto realizalo?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 01/09/2020 10:52:28**

**Daniel Pérez López na data 01/09/2020 10:52:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2020 10:52:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os fallos en telefonía fixa e móbil e nas conexións a internet en zonas do rural galego son frecuentes e continuados nos últimos meses.

Pero o máis grave aínda é que as compañías que ofrecen estes servizos non se poñen os medios adecuados para que esta desatención pase a ser anecdótica.

Aínda máis, cando un usuario afectado fai a reclamación correspondente a un fallo no servizo que ten contratado respóndeselle con boas palabras pero a reposición do servizo demórase días.

Estamos falando de servizos de comunicación que se volveron esenciais para a vida decotío no rural. Mais se falamos de vida e actividade laboral, estas incidencias convértense en impedimentos serios para o normal desenvolvemento da economía e da actividade laboral de traballadores/as e empresas, que no rural tamén hai de momento.

Algunhas das empresas mandan subcontratas que concertan citas que logo van adiando ata o desespero, ademais non sempre é sinxelo chamar a teléfonos de contacto aos que rara vez contestan, e que cando o fan son constantes as evasivas e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

inconcrecións. E despois de todas as xestións e molestias xeradas as indemnizacións son cativas, e o servizo segue con continuos fallos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Sabe o goberno galego das avarías e fallos nas redes de telefonía e conexións a internet en zonas do rural nestes últimos meses?

--Que medidas tomou o goberno galego para evita-la reiteración destas avarías?

--Cales foron as incidencias acaecidas nos últimos cinco meses, zonas e número de persoas afectadas, demoras na subsanación e medidas adoptadas coas compañías responsables?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María del Carmen Aira Díaz na data 01/09/2020 11:29:26**

**María González Albert na data 01/09/2020 11:29:29**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/09/2020 11:29:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o modelo de residencias existente en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise orixinada pola pandemia da COVID-19 fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro, de recortes, de deficiencias e de privatización das residencias de maiores e persoas con discapacidade en Galiza.

Unha situación que se amosou agora, centrando a atención pública polas dramáticas cifras de contaxios e falecementos por coronavirus, mais que é anterior a esta pandemia e que foi denunciada en múltiples ocasións polo Bloque Nacionalista Galego.

Cómpre lembrar que no seu último informe, publicado en 2018, o Consello de Contas situou o número de prazas residenciais en Galiza por baixo das recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS). Fronte ás 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos recomendadas, no noso país hai 3,1 sendo, ademais, a maior parte delas privadas. Das máis de 21 mil prazas residenciais existentes en Galiza, só 8.154 son públicas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así pois, a situación dos centros residenciais non é nova nin foi provocada pola COVID-19 senón que o virus puxo ao descuberto as consecuencias dun modelo no que a atención ás persoas maiores en Galiza está ao servizo de empresas privadas que converten a vellez nun negocio moi lucrativo.

Para o Bloque Nacionalista Galego a atención ás persoas maiores en espazos residenciais diferentes aos seus domicilios debe garantir os dereitos das persoas usuarias procurando o benestar e o coidado destas e non a rendibilidade económica.

Após o acontecido, fica claro que a pandemia provocada pola COVID-19 debe significar un punto de inflexión que deixe atrás o actual modelo para construír un novo asentado no carácter público destes centros, a súa xestión directa, e a suficiencia nos recursos económicos, materiais e humanos precisos. Isto é, pasar dun modelo residencial privatizador a un servizo público centrado nas persoas, próximo, dimensionado, que favoreza a convivencia e a intervención adaptada ás persoas usuarias.

Por todo o exposto anteriormente presenta a seguinte pregunta para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza o actual modelo de centros residenciais para maiores?
- Cre o Goberno galego que o número de prazas públicas son suficientes?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Cre a Xunta de Galiza que se garanten o servizo público e os dereitos das persoas usuarias nun modelo no que a maior parte das prazas residenciais son privadas?

- Pensa a Xunta de Galiza mudar o actual modelo de centros residenciais no noso país para garantir o dereito a unha vellez digna?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2020 12:44:48**

**Iria Carreira Pazos na data 01/09/2020 12:44:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2020 12:45:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da perda de destinos internacionais para os aeroportos galegos a raíz da COVID e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As conexións aéreas do noso país co resto de países de Europa e do resto do mundo sempre foron moi precarias, insuficientes e pouco adaptadas ás necesidades da sociedade galega. A isto temos que sumarlle o impacto que supuxo a COVID para as poucas conexións das que gozaba Galiza.

Nas últimas semanas estamos a ver como varias aeroliñas están a suprimir varios destinos de vital importancia para o noso país, ben sexa por cuestións sociais ou económicas. No caso de Lavacolla cabe destacar a supresión dos enlaces coas cidades de Frankfurt, Londres, Bruxelas e A Valeta, ademais de varios aprazamentos de liñas e da redución de frecuencias en múltiples destinos.

En canto ao aeroporto de Alvedro, é necesario denunciar a ruptura do convenio por parte da compañía Vueling coa que se suprimen os voos entre a cidade da Coruña e Londres. Este enlace é de vital importancia debido á grande cantidade de usuarios que ten, ademais de supoñer unha das principais vías de comunicación para a emigración galega no Reino Unido e Irlanda.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Finalmente, tamén presenciamos a perda do enlace entre o aeroporto de Peinador e París, coa importancia que esta conexión ten en termos sociais e económicos. Alén disto, esta perda supón que o aeroporto vigués conte soamente con voos de carácter estatal.

Para o Bloque Nacionalista Galego é vital que o noso país conte cunhas conexións aéreas adaptadas ao século XXI e que respondan ás necesidades dunha sociedade moi dispersa como é a nosa e dunha economía sen un forte tecido industrial. Neste senso, cremos que é moi necesaria a colaboración entre a Xunta de Galiza e os concellos de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela co obxectivo de que o noso país funcione como unha “pista única” que leve a captación dun maior número de destinos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a perda de enlaces e a diminución das frecuencias en destinos internacionais nos tres aeroportos galegos?
- Cre o goberno galego e o actual modelo aeroportuario que ten o noso país é sustentable no futuro?
- Considera necesario a Xunta de Galiza repensar a estrutura dos aeroportos galegos coa fin de atraer a chegada de máis frecuencias internacionais?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**  
**Paulo Ríos Santomé**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 01/09/2020 17:22:49**

**Paulo Ríos Santomé na data 01/09/2020 17:22:52**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/09/2020 17:23:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2020 17:23:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** a iniciativa das deputadas ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de agosto a Consellaría do Mar anunciou, con gran profusión, unha serie de axudas destinadas ás profesionais que, debido á alerta sanitaria provocada pola COVID 19, víronse afectadas polo cese temporal da actividade.

A propia Conselleira difundiu as axudas por xornada de inactividade contrapoñéndoas, pola súa maior contía, ás do goberno central.

O obxectivo principal desas axudas extraordinarias -compensar a caída da comercialización polo peche da hostalaría e a restauración durante o estado de alarma- viuse totalmente esvaecido unha vez publicada a Orde do 4 de agosto do 2020, pola que se regulan as bases e a convocatoria das mesmas.

A publicación desta Orde é posterior á da convocatoria das axudas estatais polo que, no momento da súa publicación, había xa un gran número de persoas afectadas acollidas a outras subvencións.

A maiores, o artigo 7 da Orde especifica como días de parada subvencionábeis a diferenza entre os días de actividade extractiva media no período de referencia (do 16 de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

marzo ao 30 de xuño) nos tres anos anteriores ao 2020 e os días realmente traballados no 2020.

E é precisamente a media de días establecida para os anos 2017, 2018 e 2019 nas distintas zonas o que está a causar verdadeira sorpresa entre o colectivo de mariscadores e mariscadoras.

Na maioría dos casos, esa media queda moi por baixo do que foi a realidade, polo que a contía total das axudas para cada afectado ou afectada verase finalmente moi mermada.

E, como consecuencia do anterior, parte dos máis de 5,2 millóns de euros destinados a estas axudas poden quedar sen execución e os grandilocuentes anuncios da Consellaría só en iso, en simples anuncios.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Considera a Xunta de Galiza que as incompatibilidades, o momento da publicación e os días medios de actividade establecidos para cada zona, fan que o acceso ás axudas da Orde do 4 de agosto de 2020 sexa posíbel para a maioría das persoas afectadas?

2.- Considera o Goberno galego que, coas condicións establecidas, vaise esgotar o importe máximo das axudas fixado na devandita Orde?

3.- De non ser así, ¿valora o Goberno galego reinvestir no apoio ao mesmo sector a cantidade que finalmente poida quedar sen concederse?

4.- De non ser así, ¿a que iría destinado?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 02/09/2020 14:31:50**

**María do Carme González Iglesias na data 02/09/2020 14:32:26**

**Daniel Castro García na data 02/09/2020 14:32:32**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López, e Carme González Iglesias**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das consecuencias dos temporais adoita ser no noso país a interrupción do subministro eléctrico, que nalgúns casos se prolonga máis de 12, 24 ou mesmo 48 horas e que debe ter a vixilancia da Xunta de Galiza para esixir o cumprimento da normativa por parte das empresas eléctricas.

Neste sentido, podemos lembrar que os pasados 19, 20 e 21 de decembro do ano 2019 tivo lugar unha concatenación de temporais que tivo como resultado graves danos en estradas, infraestruturas e domicilios e bens particulares. Ademais, outra das consecuencias que tivo lugar foron importantes cortes de luz ao longo do territorio, que afectaron de forma especial ás comarcas abrangidas nas provincias de Ourense e Coruña ata o punto que pasadas máis de 24 horas numerosos fogares continuaban sen subministración.

Cómpre recordar que esta cuestión vén sendo reiterada cada inverno. En marzo do 2018 aconteceu unha situación similar e cómpre recordar especialmente o acontecido ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia cortes de subministración por máis de 24 e 72 horas. Daquela a Xunta de Galiza anunciou un expediente informativo ás





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

empresas eléctricas do que non remitiu información escrita ao Parlamento Galego malia ser solicitada durante dous anos e dez meses, mais que confirmaba o Director Xeral de Enerxía e Minas que tiña concluído cunha sanción por valor de 700.000 euros.

Un ano máis estes feitos causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos. Esta situación, para alén do incontrolable da propia natureza, que ten a ver tamén coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica. Así mesmo, cómpre sinalar que desta volta nin sequera a atención ao cliente do principal operador de Galiza, Naturgy, tiña lugar desde Galiza por mor dos procesos de deslocalización da atención telefónica.

Tendo en conta a gravidade da situación, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego comprometémonos con facer seguimento do expediente informativo incoado por parte da Xunta de Galiza o 23 de decembro de 2019.

É necesario inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentraís, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai o goberno galego da calidade da subministración enerxética no noso país?
- Que valoración fai o goberno galego das consecuencias dos temporais de finais de 2019? Cales son os resultados do expediente informativo?
- Considera a Xunta de Galiza que é inevitable que cada ano milleiros de galegos e galegas boten máis de 24 horas sen subministración eléctrica?
- Ten realizado a Xunta de Galiza actuacións conducentes a instar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?
- Como valora a Xunta de Galiza o desenvolvemento da orde do 28 de outubro de 2002 pola que se establece o programa aplicable para a realización das operacións de mantemento e se establecen os prazos de emenda dos defectos tipo que se detecten nas operacións de inspección e mantemento das instalacións eléctricas de distribución?
- Ve preciso algún novo impulso normativo?
- Ten establecido ou vai establecer a Xunta de Galiza medidas sancionadoras ás empresas prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo nos anos 2018, 2019 e 2020?
- Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto dos danos causados polo temporal e as deficiencias da rede sobre a economía galega?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto dos danos causados polas interrupcións puntuais pero recorrentes do servizo en varios concello do noso país? Vai deseñar algún plan específico
- Considera a Xunta de Galiza necesaria algunha demanda de mellora do marco estatal respecto destas cuestións?
- Tense dirixido a Xunta de Galiza aos concellos do noso país para traballar conxuntamente nesta cuestión?
- É necesario estudar o soterramento de liñas concretas para resolver estes problemas recorrentes nalgúns puntos do noso país? Cales?
- Ten recibido a Xunta de Galiza información por parte das empresas subministradoras de electricidade das causas na demora do restabelecemento da electricidade?
- Que medidas correctoras exixiu ou vai exixir o goberno galego por parte das empresas subministradoras de electricidade?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 02/09/2020 16:58:58**

**María do Carme González Iglesias na data 02/09/2020 16:59:01**

**Daniel Pérez López na data 02/09/2020 16:59:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2020 16:59:18**



## Á Mesa do Parlamento

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela** deputada e deputado do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A data do 31 de agosto de 2020 os datos oficiais indican que en Galicia a cifra de falecementos ascende a 643, dos cales 283 son falecementos vinculados a centros residenciais. Na Residencia do Incio, a realidade é preocupante, sendo case do 90 % dos seus usuarios están infectados . Dado que a poboación de maiores é a máis vulnerable para o virus, e tendo en conta o número de falecementos nas residencias de maiores na primeira onda da pandemia da lugar a replantexar que tipo de accións se tomaron por parte da Administración competente para previr novos contaxios e como actuar en caso de existir.

Na primeira onda da pandemia as residencias de maiores foron o núcleo onde máis vítimas houbo por parte da Covid-19. Agora tras a primeira onda da pandemia, as residencias están a ser ameazadas novamente polo virus.

Tendo en conta as novas circunstancias, e que o persoal ten unha maior carga laboral debido a tarefas engadidas, como por exemplo, a desinfección e medidas de precaución que ocupan unha parte importante de tempo da xornada laboral. É urxente coñecer que tipo de recursos e medidas tiñan no Incio antes de iniciarse os contaxios, e saber cales foron os motivos dun contaxio masivo de tal magnitude.

Nunha das situacións máis complexas que estamos a vivir en Galicia por causa da pandemia é vital incrementar as medidas encamiñadas á contención do virus, especialmente en espazos vulnerables como é o caso das residencias de maiores. Ademais é fundamental a transparencia da información que, por parte da administración se facilita á cidadanía e sobre todo ás familias dos residentes.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Existen criterios obxectivos para determinar as residencias que se interviñeron? E de ser así, cales son? E que representante institucional decide dita intervención?



2.<sup>a</sup>) Cal foi a actuación por parte da dirección do centro en canto a protocolos e a dispoñibilidade presencial do persoal na propia residencia do Incio?

3.<sup>a</sup>) Por que a propia Xunta informa de que no Incio hai 118 residentes, cando no RUEPSS o total de prazas deste centro autorizadas son 102? A que se debe esa diferenza de excedente de residentes?

4.<sup>a</sup>) Cales foron as actuacións na residencia do Incio e a propia da Administración competente por parte da Xunta de Galicia nas semanas antes e durante os contaxios na residencia?

5.<sup>a</sup>) Cal é a cifra de falecementos por Covid-19 nas residencias pertencentes á Fundación San Rosendo, tendo en conta tamén os falecementos en hospitais de procedencia de ditas residencias?

6.<sup>a</sup>) No Incio contábase co total cadro de persoal no momento do contaxio e antes do mesmo? Aumentouse o número do mesmo para reforzala acción encamiñada a frear o virus?

Pazo do Parlamento, 01 de setembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 02/09/2020 17:07:59**

**Julio Torrado Quintela na data 02/09/2020 17:08:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Mercedes Queixas Zas, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) procede da Granxa-Escola Experimental da Coruña, creada en 1888 e ten, por tanto unha longa historia de máis de 130 anos. Superou dúas guerras mundiais e unha guerra civil até chegar a hoxe.

Nos anos 70 do pasado século (1973-75) coa axuda dun préstamo do Banco Mundial establécense en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias), formando parte da rede de CRIDAS (Centro Regionales de Investigación y Desarrollo Agrario), distribuídos polo territorio español. O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida.

O estudo de sistemas de produción, desde un punto de vista aplicado, é complexo, xa que integra disciplinas relacionadas co estudo dos solos, da fertilización, das sementes, das técnicas de cultivo, mellora xenética, mecanización, ensilado, valor





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

nutricional das forraxes, alimentación animal, calidade dos produtos animais, custos de produción e economía das explotacións, etc.

A finalidade do CIAM estaba orientada á mellora das producións gandeiras baseándose no aproveitamento dos forraxes propios da España húmida por medio dunha investigación de alta calidade científica.

Para poder cumprir este obxectivo fíxose unha selección de mozos e mozas titulados/as de grao superior e medio en áreas agrarias e enviáronse a prestixiosas institucións estranxeiras onde se formaron nas diversas disciplinas e adquirindo os máis deles, títulos de post-grao (PhD. ou doutoramento, Master of Science...) e constituíron un conxunto de investigadores altamente especializados que regresaron a Galiza.

O seu traballo xunto co da Agencia de Desarrollo Ganadero e co Servizo de Extensión Agraria foron os verdadeiros motores do desenvolvemento e especialización gandeira do rural galego de fins do século XX

O mantemento da investigación en sistemas de produción require contar con persoal auxiliar de laboratorio e de campo, para atender á diversidade de tarefas realizadas: o laboreo do terreo, fertilización, sementeira dos cultivos, colleita, ensilado, manexo dos animais, muxido do leite, etc.

Por iso as instalacións do CIAM eran e son únicas no estado español para realizar traballos de investigación en produción de cultivos, conservación de forraxes, alimentación de vacún e calidade dos produtos animais, desenvolvendo sistemas de produción de baixo input externo, optimizando o uso de forraxes propias, reducindo custo económico e minimizando o impacto ambiental e as emisións de gases de efecto invernadoiro.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O deseño do estado das autonomías e as transferencias de competencias á Xunta de Galicia integran o CIAM coma unha unidade con categoría de servizo integrada na Consellería de Medio Rural, o persoal investigador ten a condición de funcionario transferido á comunidade autónoma e por tanto forma parte do cadro de persoal funcionario da Xunta.

A cortidade de miras e a escasa valoración de parte dos sucesivos gobernos, (case monopolizados pola dereita), do papel decisivo que xoga a investigación pública ó servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación, traen consigo unha escasa incorporación de persoal investigador ó CIAM, producíndose por medio de convocatorias xeralistas de corpos de funcionarios da Administración, que non sempre foron exitosas, toda vez que o paso polo CIAM era unha forma de achegar-se á capital, en determinados casos.

As escasas veces en que esta se producía, a cobertura de postos onde non había especialistas implicaba unha formación autodidacta e pouco efectiva, toda vez que non existía o recurso á formación especializada como na etapa preautonómica.

Transcorridos 35 anos da entrada en funcionamento do CRIDA-01, aquel persoal investigador formado nos mellores centros do mundo acada a idade de xubilación cunha frecuencia moi superior á rexistrada en calquera outro servizo, empezando a producir-se unha marcada redución do cadro de persoal.

Os recursos para investigación son cada vez máis difíciles de conseguir, esixíndose unha maior especialización, competitividade e tamaño dos grupos nas convocatorias públicas, incluídas as do INIA, abertas agora a universidades e CSIC. Os fondos, ademais, son progresivamente redirixidos a empresas (moitas delas PEMES) procurando unha maior participación e implicación do sector privado na I+D+i e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

asegurando unha maior taxa de transferencia das investigacións aos usuarios finais. Ambas actividades requiren unha alta calidade científica nos grupos de investigación.

Durante o goberno bipartito, desde a consellaría do Medio Rural, dirixida polo BNG toma-se a decisión de recuperar a capacidade investigadora dos centros e posicionar definitivamente ao CIAM como centro de referencia en investigación en materia de produción animal baseado en pastos e forraxes.

Realízase un proceso de selección de persoal investigador en determinadas áreas, gran parte do cal estaba formado nos centros (doutores e doutoras dos programas INIA). Ao CIAM se incorporan 4 doutores/as e 2 tecnólogos como persoal laboral do INGACAL, en base ao orzamento de postos vacantes de persoal funcionario. Neses momentos o cadro de persoal investigador fixo do CIAM (entre persoal funcionario e laboral) é dunhas 30 persoas.

Este proceso de rexuvenecemento, recuperación e modernización vese interrompido pola entrada do PP no goberno tras as eleccións de 2009 comezando de novo esa lenta agonía e deterioro no que se encontra dez anos despois.

O goteo de xubilacións continúa e a pesar das incorporacións producidas en 2009, empezan a quedar desertas áreas chave de investigación, como a mellora xenética de millo, pasando o CIAM de ter un alto prestixio en Europa ao peche de facto desta área.

O persoal doutor, especialistas formados polos investigadores que se xubilaron no CIAM, non ten forma de continuar no centro, tendo que marchar do mesmo.

O INIA perde gran parte da súa capacidade de xestión ao saír da esfera do ministerio de Agricultura e pasar ao ministerio competente en ciencia e innovación, co







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cal a competencia polos fondos estatais é cada vez máis acentuada e a capacidade do CIAM de obter recursos por esta vía, cada vez máis limitada.

Non se ten acceso ós fondos manexados polo GAIN, rompendo o compromiso adquirido coa creación da Secretaría xeral de I+D producíndose unha redución na dotación de fondos propios libres para gasto corrente. Baixo a dependencia do CIAM do estamento forestal por primeira vez na súa historia, os fondos baixan de aproximadamente 450 mil euros a 150 mil, insuficientes para pagar a electricidade e os combustíbeis de calefacción, maquinaria e transporte.

A actividade nos centros íase mantendo, mercede ó esforzo do persoal investigador, que se implica en numerosos proxectos os cales son cada vez máis difíciles de xestionar. Por unha banda, unha importante parte do esforzo diríxese á execución dos proxectos FEADER impulsados por empresas do sector que seguen confiando na capacidade tecnolóxica do CIAM. Por outra, na execución de contados proxectos que se poden aínda conseguir nas convocatorias públicas do ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Sen embargo, a perda progresiva de músculo investigador no CIAM indica que esta situación está baixo ameaza, e non se pode manter por moito tempo.

Tras a creación da AGACAL a mediados de 2018, que integra ademais de toda a estrutura de investigación do CIAM (4 estacións experimentais) e da EVEG (2 estación experimentais) as 6 escolas de formación da consellaría, o CIFOR de Lourizán e grande parte da Subdirección Xeneral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, vendo a disposición do seu director xeral e que o deterioro non ten a onde ir a máis, parece renacer un xeito de esperanza na revitalización da investigación pública ó servizo do medio rural.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Desde a creación da Axencia ata hai poucos meses sucédense promesas de mellora e de dar solución á lamentable situación do CIAM e da investigación pública. Reunións de traballo co Conselleiro, coa Dirección Xeral... pero nos orzamentos aprobados para 2020 non figura ningunha partida para as melloras básicas prometidas.

De non haber un contundente plan de recuperación de medios humanos (en primeiro lugar) e de medios materiais (en segundo lugar) o CIAM (e por extensión o conxunto de centros públicos de investigación agraria da Xunta, xa que a problemática é común) encamiñase á irrelevancia como instrumento de xeración de coñecemento útil para o medio rural galego.

Coñecemento que hoxe é máis importante ca nunca, se cabe, para que o sector agrogandeiro galego poida afrontar os retos presentes e futuros que configuran, por un lado o proceso de cambio climático e a competencia de mercados cada vez máis abertos e globais.

A investigación que se realiza no CIAM non é cuberta polo sector privado, de forma que a desaparición da capacidade operativa deste centro será substituída por nada.

Quen se encarga de estudar, por exemplo, as características diferenciais das nosas producións (carne, leite e outras)?; Quen da calidade ambiental dos nosos sistemas produtivos; Quen das emisións de CO2 das explotacións gandeiras galegas e a potencial vantaxe competitiva fronte outras zonas produtivas? Quen da mellora da calidade das forraxes? Quen da utilidade da riqueza xenética gardada nos bancos de sementes para afrontar os retos ambientais do cambio climático ou a aparición de novas pragas e enfermidades? Quen...?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

• Cre o Goberno galego que a investigación aplicada realizada no CIAM (e por extensión os restantes centros de investigación da consellaría do Medio Rural) é necesaria para a competitividade e sustentabilidade do sector agro-gandeiro galego?

• A AGACAL viu a luz oito anos despois do prazo indicado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma (LOFAXGA). Na disposición adicional sétima do seu decreto de creación indica-se que o Consello Reitor da Axencia, no prazo de tres meses seguintes á súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da Axencia. Sponse que este contrato debe conter unha serie de medidas de xestión así como previsións de futuro en materia de funcionamento da Axencia que anticipe a senda estratéxica a percorrer durante un determinado espazo temporal.

• A este respecto:

- Foi redactado dito plan?
- Cal é o seu contido a respecto das liñas estratéxicas de investigación encomendadas ó CIAM, e por extensión ós restantes centros de investigación da consellaría do Medio Rural?
- Cales son as previsións contidas no plan a respecto do cadro de persoal investigador (número de postos e forma de provisión)?
- Cales son as previsións contidas no plan a respecto dos investimentos materiais nos edificios, laboratorios, instalacións agrogandeiras, equipamento e maquinaria dos centros e fincas experimentais anexas?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

•No caso de que exista dita planificación, porqué non está reflectida orzamentariamente ningunha medida para 2020?

•No caso de que non exista, porqué non se cumpriu o mandato legal?

•Por que a única referencia coñecida a investimentos previstos en materia de investigación (programa 561A) se refire ó concurso de ideas para executar investimentos por valor de 10 M€ nun "espazo modelo" en Sergude?

•Cre o goberno que é unha práctica de boa gobernanza orzamentaria reproducir o Banco de Xermoplasma do CIAM fóra do centro de investigación que ten encomendada a súa custodia sen atender primeiro as necesidades en medios humanos e materiais necesarios para que esta sexa efectiva?

•Cales son as previsións relativas ó proceso de funcionarización do persoal investigador laboral fixo do AGACAL e do persoal laboral da Xunta que prestan servizo actualmente na Axencia?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Mercedes Queixas Zas**

**Carmen Aira Díaz**

**Maria González Albert**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 02/09/2020 17:46:24**

**María González Albert na data 02/09/2020 17:46:28**

**María del Carmen Aira Díaz na data 02/09/2020 17:46:39**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/09/2020 17:46:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños e Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación xerada pola Xunta de Galiza no CEIP As Mercedes poñendo en perigo a continuidade do servizo de comedor escolar.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas estamos a ver ao longo do país numerosos exemplos da improvisación e deixadez de funcións da Xunta de Galiza no ámbito do ensino e dos servizos relacionados como son os comedores escolares. Ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, a Xunta de Galiza decidiu poñerse de perfil diante das necesidades dos centros, prolongar sen xustificación a notificación de protocolos, ignorar as demandas da comunidade educativa e un longo etcétera como dan cumprida conta as protestas e mobilizacións ao respecto.

Un dos elementos vinculados ao ensino que é de especial relevancia e require de especial atención neste contexto son os comedores escolares. No noso país arrastramos as eivas da falta de aposta pública por un servizo clave na cohesión social, na conciliación e no acceso a unha alimentación saudábel e equilibrada. A día de hoxe non existen garantías de xestión pública do mesmo nin de acceso en moitos centros do noso país. No caso do CEIP As Mercedes, este é un servizo que recuperou e xestiona a ANPA desde o ano 2007 e a alta demanda ten un correlato no aumento de matrícula que experimentou o centro.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este CEIP ten moitas limitacións de espazo, polo que ao longo deste tempo a ANPA asinaba anualmente un convenio coa Xunta de Galiza para empregar as instalacións públicas da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, próxima ao centro educativo. É máis, durante varios cursos escolares compartíuse o uso da cociña ata a negativa da Xunta de Galiza aducindo unha meirande necesidade por parte da Residencia.

O 28 de agosto, despois de varias semanas solicitando información, a ANPA da Pía da Casca foi informada telefonicamente de que para o curso que comezaba de inmediato non sería posíbel asinar un novo convenio. No momento de asinar esta iniciativa nin sequera consta comunicación escrita e desde as xefaturas de Política Social ou de Educación non foi facilitada ningunha alternativa nin compromiso, reducindo as posibilidades a aproveitar as limitadas instalacións do CEIP, unha opción con menos garantías de espazo e seguridade sanitaria, que suporía tamén unha renuncia ao uso normal de espazos como o da biblioteca.

Malia que a Xunta de Galiza publicou o martes 21 de xullo no DOG a Orde do 6 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de prazas nas residencias xuvenís para o curso 2020/2021 onde recoller que “As prazas ofrécense en réxime de internado, o que inclúe aloxamento e mantenza” en ningún momento comunicou á ANPA a imposibilidade de compartir instalacións, o cal é unha enorme deixadez de funcións, xa que a demora na información e a falta de implicación da administración galega poñen contra as cordas a viabilidade dun servizo esencial. Tamén, ao longo destes anos, era habitual o emprego da antiga Capela para o desenvolvemento de actividades extraescolares e mesmo actuacións do propio centro. Porén, desta volta tamén indican desde a Xunta de Galiza que haberá obras neste espazo e non poderá ser usado. Resulta chamativo tamén que a mesma administración que non ten reparos á hora de masificar os centros de ensino e non reforzalos con máis persoal,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

non sexa permeable a valorar a posibilidade de establecer diferentes quendas amparándose na situación de pandemia como desculpa.

Cómpre recordar que o CEIP As Mercedes é o único centro público da zona centro de Ourense, que ten unha matrícula completa e que o servizo de comedor é moi demandado, pois teñen cada ano arredor de 75 usuarios e usuarias con dúas quendas de servizo e lista de agarda, xa que non teñen capacidade para abrir unha terceira quenda. Ademais, a ANPA tamén xestiona o servizo de acollida temperá e diversas actividades extraescolares.

A falta de colaboración da Xunta de Galiza e a súa deixadez de funcións pon en perigo a viabilidade destes servizos facendo recaer na ANPA funcións que deberían ser asumidas desde as administracións públicas. A isto súmase a falta de colaboración organizativa e económica diante das necesidades e obrigas xeradas pola pandemia da covid-19, de forma que as e os alumnos vulnerábeis sufriran ou ben a perda do servizo ou ben o encarecemento do servizo pola necesidade de aspectos como, por exemplo, máis monitores e monitoras. Toda esta situación vai en detrimento do ensino público e favorece a curto prazo o desprazamento de alumnado cara o ensino concertado e privado.

A Xunta de Galiza debe comprometerse e implicarse na viabilidade do servizo de comedor no CEIP As Mercedes de Ourense e procurar unha solución en colaboración coa comunidade escolar. Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego...

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para evitar que pola súa negligencia empeore ou sexa suprimido o servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes de Ourense?

Cales son as razóns de que a Xunta de Galiza demorara a notificación verbal á ANPA da non renovación do convenio coa Residencia Florentino López Cuevillas? Desde cando era consciente a Xunta de Galiza das dificultades existentes?

Porque a Xunta de Galiza non valora opcións como a rotación no uso do comedor? Considera a Xunta de Galiza que nunha situación de pandemia debe priorizar o servizo prestado a maiores de idade sobre as necesidades de menores de idade?

Cantos usuarios e usuarias ten nestes momentos a Residencia Florentino L. Cuevillas? Cantos e cantas empregan o servizo de comedor? Cantos no curso anterior?

Considera a Xunta de Galiza que é xustificábel que as xefaturas de Política Social e de Educación de Ourense sexan incapaces de buscar unha solución?

Que tipo de obras se van a desenvolver na Capela da Residencia? É ou era posíbel demorar esas obras para ceder o uso do espazo durante o curso 2020/2021?

Valorou ou vai valorar a Xunta de Galiza alugar algún espazo próximo ao CEIP, como poden ser locais de restauración pechados ou baixos comerciais, e ceder o seu uso á ANPA nesta situación extraordinaria?

Como valora a Xunta de Galiza que non exista ningún centro público de ensino no centro de Ourense que oferte servizo de comedor escolar público? Favorece isto o ensino privado e concertado?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a duración e termos do convenio de cesión entre o Concello de Ourense e a Xunta de Galiza do edificio da citada residencia?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2020 18:22:15**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/09/2020 18:22:18**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/09/2020 18:22:25**

**Daniel Castro García na data 02/09/2020 18:22:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 02/09/2020 18:22:45**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En 2014 o Porto de Vilagarcía verteu máis de 7000 metros cúbicos de restos de obra ao mar, nunha actuación a todas luces reprobable dende calquera punto de vista. Aqueles feitos foron denunciados xudicialmente pola Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, e foron feitos públicos polo membro do Consello Portuario Lino Mouriño, quen formaba parte como representante electo no Pleno de Vilagarcía dada a súa condición de concelleiro.

Aquela denuncia pública foi contestada polo Goberno municipal coa proposta aprobada en Pleno, en solitario, da expulsión de Mouriño como representante na Autoridade Portuaria e o nomeamento, tamén aprobado en solitario, dunha concelleira do Partido Popular, que nunca se interesou polo asunto.

Nunha sentenza recente, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra vén de ratificar a sanción imposta pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ao Porto de Vilagarcía por autorizar o vertido, agora ilegal, de residuos ao mar por volume de máis de 7000 metros cúbicos. Esta infracción, grave, resulta nun enorme problema de carácter medioambiental, xa que estamos a falar de “unha auténtica montaña formada por terra, pedras, asfalto, tubos de plástico, madeiras e formigón” como se cita na propia sentenza.

A sanción imposta vén a reforzar a idea de que a Autoridade Portuaria actuou de costas á legalidade, pois non existiu ningún trámite administrativo para saber se era posible, ademais de exercer un total abandono sobre o coidado da ría.

O Porto de Vilagarcía recorreu esa sentenza, sen que a Xunta de Galicia, responsable política da designación da Presidencia e con membros representantes no Consello de Administración do Porto advertira ningún problema nin considerara errónea esta acción. O TSXG vén de reafirmar a sentenza inicial e confirmar tal resolución. A Autoridade Portuaria négase a dar explicacións sobre o asunto, como xa fixera, nin a emitir ningunha valoración



nin sequera aclarando se van a dar por cumprida a sanción que obriga a pagar unha multa e a repoñer a acción.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galicia, sexa directamente ou a través dos seus representantes nos órganos correspondentes, non manifestou ningunha discrepancia sobre todo o proceso que levou á sentenza xudicial citada contra a Autoridade Portuaria de Vilagarcía?
2. Considera a Xunta de Galicia que debe ofrecer unha posición e resposta política ante a confirmación da sentenza xudicial?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia que os seus representantes no Consello de Administración trasladen a opinión da institución no vindeiro Consello?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia apoiar a renovación na Presidencia da actual Presidenta da Autoridade Portuaria de Vilagarcía?
5. Está de acordo a Xunta de Galicia co rexeitamento que os denunciante legais e políticos dos vertidos veñen facendo sobre este caso dende que iniciou?
6. Cre a Xunta de Galicia que a expulsión do membro do Consello de Administración que denunciou o caso foi razoable e lóxica?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Pablo Arangüena Fernández  
Patricia Otero Rodríguez  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**Julio Torrado Quintela na data 03/09/2020 10:00:51**

**Pablo Arangüena Fernández na data 03/09/2020 10:01:10**

**Patricia Otero Rodríguez na data 03/09/2020 10:01:23**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/09/2020 10:01:35**



## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Juan Carlos Francisco Rivera e Paloma Castro Rey**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados visitaron Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluíron que zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu. Ante esta situación o Goberno do Estado está ultimando o Plan nacional de depuración, saneamento, eficiencia, aforro e reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).

A situación en Galicia é especialmente preocupante dado que, 20 anos despois da aprobación da directiva Marco do Auga, a situación de contaminación das rías galegas (onde rematan non só os vertidos orixinados nas propias rías senón tamén os procedentes dos ríos que nelas desembocan) é altamente preocupante, igual que



a dos propios ríos, atopándonos en conxunto moi lonxe de acadar os obxectivos fixados pola UE.

A modo de exemplo, a pesar de que a realidade amosa que Augas de Galicia non chega a detectar máis que unha parte dos vertidos en rías e ríos, ese organismo detectou no ano 2019 un total de 1.575 vertidos na costa galega, un 21,5 % máis que hai un lustro (1.296). Dos detectados, aproximadamente o 16 % (253) excedían a carga contaminante permitida e outros 57 tiveron que ser investigados por ter impacto no entorno pese a non exceder os valores permitidos. Nesa estatística destacan as rías de Arousa, Muros-Noia e Vigo; con 60, 45 e 30 puntos, respectivamente, con carga microbiolóxica ou química tóxica, así como Ferrol (29 focos), Ares-Betanzos (19) e Pontevedra (18).

As rías de Galicia son ecosistema singular e valiosísimo, marco conformador da nosa cultura e identidade e fonte de vida pero tamén de riqueza acuícola e marisqueira, cronicamente mermada pola contaminación. Algo parecido pode dicirse dos ríos de Galicia, outrora paraísos da pesca fluvial que hoxe está gravemente diminuída, ata o punto de que as licencias de pesca reducíronse aproximadamente á metade na última década.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai implantar o Goberno galego un plan integral de rexeneración das rías e ríos de Galicia para esta lexislatura 2020-2024?
2. Como ten pensado reducir eficazmente o Goberno os niveis de contaminación existentes nas rías e ríos de Galicia?
3. Vai mellorar o Goberno as EDAR existentes e os procesos de tratamento e xestión dos vertidos das augas residuais a través da súa depuración? Cando?
4. Vai estender o Goberno a rede de tratamento do saneamento para evitar os vertidos continuos ou fóra de parámetro?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Patricia Otero Rodríguez  
Juan Carlos Francisco Rivera  
Paloma Castro Rey

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia







**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 03/09/2020 11:00:15**

**Patricia Otero Rodríguez na data 03/09/2020 11:00:29**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/09/2020 11:00:41**

**Paloma Castro Rey na data 03/09/2020 11:00:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Mar de Noia creouse a primeiros do ano 2004, co obxectivo principal de defender o patrimonio marítimo. Dende o primeiro momento recolleu todo tipo de material relacionado co mar e xa no ano 2006 participou, na cidade de Vigo, na prestixiosa Feira Internacional da Industria Naval, Navalía, como a única entidade sen ánimo de lucro.

O 20 de maio do 2011, o Concello de Noia comprométese coa Asociación e cédelle un local municipal para poder expoñer a xa importante cantidade de material recollido durante sete anos: Documentos, fotografías, maquetas, motores e outros moitos elementos que fora reunindo na súa inmensa maioría a través de doazóns e achegas totalmente altruístas.

Deste xeito nace o Museo do Mar de Noia que pouco tempo despois xa se vía obrigado a buscar alternativas ao local onde estaba ubicado para poder dar cabida a boa parte da súa extensa colección.

A exposición permanente que posúe, con máis de 300 pezas expostas, amosa a vida mariña e todos os xeitos de relación do home co mar ao longo da historia e entre os





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

seus obxectos máis relevantes figura unha carta náutica que reflexa todos os afundimentos que tiveron lugar na Costa da Morte dende o século XVIII.

Tal foi o dinamismo da súa actividade e a súa repercusión que xa no ano 2014 rexistra arredor de 50.000 visitas, unha gran parte delas de centros escolares.

O Museo pecha temporalmente no ano 2017, despois de ter adquirido o Concello de Noia o compromiso de levar a cabo obras de construción dun novo local que o acollese e que lle permitise contar cunhas instalacións axeitadas aos numerosos e importantes fondos da Asociación Mar de Noia que, dende aquela, albérgaos en distintos almacéns particulares da localidade.

Nese mesmo ano, e consonte á Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo -EDLP- aprobados aos grupos de acción local do sector pesqueiro (convocatoria 2017), apróbase unha financiación de 200.000 euros para o proxecto de ampliación do Museo do Mar de Noia presentado polo Grupo de Acción Costeira 4, Seo de Fisterra-Ría de Muros e Noia.

Entre a documentación que serviu de base para a presentación do proxecto figuraba o inventario de material da propia Asociación Mar de Noia e na memoria do mesmo recóllese: “Modelo de coexistión. O museo será xestionado como ata a data pola asociación do Museo do Mar, se ben se contempla a posibilidade de contratar no futuro a persoal se a demanda do museo así o require. A asociación ven xestionando de xeito voluntario o museo dende hai 13 anos e está conformada por máis de 200 profesionais voluntarios (dende capitanas, mariscadoras, biólogas, xeólogos, escritores.....). O 25% deles está en activo e unha gran parte está formada por mulleres (faise complicado establecer a porcentaxe posto que o volume a rede de voluntarios é moi grande e cambiante).”





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No pasado mes de agosto, o Concello de Noia anuncia a inauguración das novas instalacións, que se efectivizou o día 21, sen que, ata o día de hoxe, se tiveran trasladado ás mesmas os fondos pertencentes á Asociación Mar de Noia, que serviron para a creación do propio Museo, e sen que comezara a actividade e a xestión por parte da Asociación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Considera a Xunta de Galiza que, no caso do Museo do Mar de Noia, estanse a cumprir os requisitos establecidos na Orde da Consellaría do Mar do 24 de maio de 2016 e nomeadamente os obxectivos marcados polo Concello de Noia na solicitude da subvención que lle foi concedida consonte á devandita Orde?

2.- Que valoración fai o goberno galego de que, unha vez finalizadas e inauguradas as instalacións do novo Museo do Mar de Noia, o material recollido durante anos pola Asociación do Mar de Noia que dou lugar á creación do propio Museo, permaneza amontoado en distintos almacéns particulares da localidade?

3.- Considera a Xunta de Galiza que o patrimonio cultural, histórico e etnográfico doado por centos de veciños de Noia e a súa comarca durante anos á Asociación Mar de Noia debe continuar divulgándose e poñéndose en valor co apoio e a colaboración das distintas administracións públicas?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 03/09/2020 13:27:03**

**María do Carme González Iglesias na data 03/09/2020 13:27:07**

**Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2020 13:27:14**

**Daniel Castro García na data 03/09/2020 13:27:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o peche dos centros de día da Cruz Vermella en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Cruz Vermella anunciou recentemente ás familias do persoal usuario o peche dos seus Centros de Día en Galiza a partir do mes de setembro.

Esta decisión foi tomada de forma unilateral, sen ter mediado ningún proceso de diálogo coas familias copagadoras e sen marxe de tempo suficiente para estas procuraren solución alternativa para o coidado dos seus maiores e dependentes.

A Cruz Vermella argumentou razóns económicas para xustificar esta decisión, alegando que o cumprimento dos protocolos de seguridade derivados da pandemia da COVID-19 inviabiliza do punto de vista económico o mantemento deste servizo.

Dado que as familias das usuarias aboan unha cantidade mensual, estas ofrecéronse para valoraren posibilidades que puidesen contribuír ao mantemento deste servizo básico de coidados e conciliación para as usuarias e as propias familias.

A Cruz Vermella é unha entidade perceptora de subvencións por parte da Xunta de Galiza a cargo dos seus orzamentos, mais estes centros só estiveron abertos pouco máis de dous meses, o tempo previo ao confinamento.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

De se consumir este peche, acentuarase aínda máis o déficit de oferta de prazas existente nos centros de día en Galiza coa consecvente desatención das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece a Xunta de Galiza a decisión do peche dos centros de día da Cruz Vermella en Galiza?

- Considera que con este peche se acentuaría aínda máis o xa contrastado déficit de prazas existentes na oferta concertada, aínda agudizado pola falta de oferta en prazas públicas?

- Que actuacións de fiscalización contempla a Xunta de Galiza a respecto da Cruz Vermella unha vez que foi entidade receptora de diñeiro público para atender un servizo en 2020 que non ofreceu?

- Que medidas vai tomar o goberno galego para incrementar a oferta de prazas públicas en centros de día en Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2020 14:10:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2020 14:10:33**

**Iria Carreira Pazos na data 03/09/2020 14:10:41**

**Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2020 14:10:52**





## Á Mesa do Parlamento

**Pablo Arangüena Fernández, Luis Álvarez Martínez e Paloma Castro Rey**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A declaración do Estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 requiriu a adopción de medidas para facer fronte a esta conxuntura.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do doce de marzo de dous mil vinte, aprobou o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus «COVID-19», RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada o xoves, 12 de marzo de 2020 ( DOG Núm. 49-Bis ).

Entre as medidas adoptadas no punto 5 atopábase a posibilidade de acollerse á modalidade de prestación de servizos a distancia a través do teletraballo para determinado persoal (o que tivese ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vise afectado polo peche de centros educativos ou de maiores), e no punto 8 recollíase, que se as recomendacións sanitarias así o aconsellaban, a posibilidade de adoptar medidas de posta en marcha do teletraballo.

A evolución da crise levou ao peche dos centros de traballo das distintas administracións, implementándose con carácter xeral o teletraballo desde o luns 16 de marzo.

O teletraballo era, ata que estalou a pandemia do coronavirus, unha modalidade de emprego moi restrinxida na Xunta de Galicia, o ano pasado os permisos concedéronse a 377 funcionarios dos servizos xerais, que supoñen o 2,4 % do total, e as autorizacións non abarcaban a totalidade da xornada, senón unha media de dous días á semana.

Coa crise do COVID 19 o teletraballo ampliouse ao 80 % do persoal e a xornada completa durante o período de confinamento.

O coronavirus cambiou a concepción do traballo, abriu unha posibilidade ampliada para teletraballar e , ante a incerta evolución da situación sanitaria,



pode seguir sendo unha ferramenta útil que proporcione flexibilidade na contención da pandemia e na organización do traballo.

A extensión do teletraballo pola situación sanitaria require estudar e aproveitar a experiencia adquirida para mellorar a normativa de regulación, recollida na Orde do 20 de decembro de 2013.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Considera o Goberno galego necesario deseñar un procedemento e normativa de teletraballo na Administración autonómica galega que permita actuar de forma máis eficiente ante a prolongación da situación actual ou ante un empeoramento da mesma?
- 2.<sup>a</sup>) Está a realizar o Goberno galego algún estudo que permita coñecer o grao de acceso e implementación do teletraballo durante as distintas fases da pandemia?
- 3.<sup>a</sup>) De ser así, que instrumentos e indicadores está a empregar nese estudo? Que resultados evidencian eses estudos? Que valoración fai da situación que se ten detectado?
- 4.<sup>a</sup>) Que valoración fai das medidas de teletraballo adoptadas? Considera que a súa implementación foi eficaz? Estanse a cumprir os obxectivos asignados?
- 5.<sup>a</sup>) Considera a Xunta de Galicia necesario ampliar a cota de teletraballo?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Paloma Castro Rey  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 03/09/2020 16:47:02**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/09/2020 16:47:18**

**Paloma Castro Rey na data 03/09/2020 16:47:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación na que se atopa a comunidade educativa ante a obrigatoriedade de uso das máscaras.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O protocolo de uso de máscaras para afrontar a crise da COVID 19 nos centros de ensino está a provocar unha importante preocupación nas familias. Esta preocupación vén motivada polo impacto económico que a compra destes equipos de protección básica supón nas súas economías.

É obriga da administración pública garantir o dereito ao ensino presencial e seguro. Pero nun novo exercicio de improvisación e irresponsabilidade, a Xunta recunha nunha deixación de funcións que obriga ás familias á asumir o custo íntegro das máscaras. Uns elementos de seguridade estes, que supoñen unha protección imprescindible para que o noso alumnado poida desenvolver o seu proxecto educativo neste contexto.

Para alén desta situación, a Xunta descarga tamén o impacto económico dos EPIS e material de desinfección nos centros de ensino. Un gasto que a Xunta obriga a executar con cargo ao orzamento dos propios centros de ensino e que obriga a claustros





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

e equipos directivos a empregar fondos que deberían ser destinados á mellora da calidade educativa nuns fins que son competencia exclusiva da Xunta.

O custo de máscaras para as economías familiares supón un gasto a todas luces inasumíbel polas familias. A obriga de os alumnos empregaren 2 máscaras ao día implica un gasto 9,6 € semanais (38,4 € por alumna).

Con esta situación, atopámonos con que unha familia con dous fillos ou fillas en idade escolar ten que asumir case 80 euros ao mes nuns equipos de protección sen os cales poden exercer o seu dereito ao ensino.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que obrigando ás familias a realizar este desembolso, estase a poñer obstáculos no dereito fundamental do noso alumnado a ter unha educación pública e de calidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre a Xunta de Galiza que as familias galegas poden asumir os custos das máscaras nunha situación económica como a que estamos a padecer?
- É consciente o goberno galego que destinar os recursos económicos dos centros a gastos que son competencia da Xunta de Galiza terá un impacto importante na calidade e no servizo educativo dos propios centros?
- Vai a Xunta de Galiza asumir as súas competencias no tocante aos custos dun material, como as máscaras, que é imprescindible para garantir o dereito fundamental ao ensino?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- É consciente a Xunta dos agravios que esta decisión de repercutir o custo das máscaras nas familias ten para os alumnos e alumnas con máis dificultades económicas?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2020 17:21:57**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/09/2020 17:22:01**

**Daniel Castro García na data 03/09/2020 17:24:45**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o investimento da Xunta en I+D+i, as condicións laborais das investigadoras e investigadores galegos e as medidas que debe adoptar o goberno ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza inviste un pírrico 0,94% do PIB en investigación, desenvolvemento e innovación. Unha cifra inferior ao investimento público que se realizaba en 2008 (1,04%) e moi afastada tanto da media estatal (1,24%) coma da europea (2%).

Ademais, Galiza carece dunha verdadeira carreira investigadora o que está a provocar unha importante perda de capital humano e mesmo de millóns de euros públicos investidos en formación no noso país ao ter lugar a saída de moitas persoas na procura das oportunidades e estabilidade laboral que non atopan en Galiza.

A I+D+i é unha peza chave para o desenvolvemento social, cultural e económico de calquera país. De feito, a crise provocada pola COVID-19 puxo en evidencia que aqueles estados que fan un maior esforzo económico en materia científica foron quen de dar unha mellor e maior resposta fronte á pandemia e as súas consecuencias.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“Sen ciencia non hai futuro”, reiteran as investigadoras e investigadores galegos cada mércores nunha campaña que reclama, desde hai meses, un compromiso firme desde as administracións públicas para esixir o incremento do investimento en I+D+i mais tamén o deseño dunha verdadeira carreira investigadora que garanta condicións de traballo dignas ao persoal investigador, tamén tecnólogo, en Galiza.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza o investimento que fai en I+D+i?
- Cre o Goberno galego que investir o 0,94% do PIB en I+D+i é suficiente?
- Pensa a Xunta de Galiza incrementar o investimento en I+D+i para que o noso país converxa coa media europea?
- Como valora a Xunta de Galiza a situación laboral do persoal investigador deste país?
- Vai deseñar o Goberno galego unha verdadeira carreira investigadora que outorgue estabilidade, certezas e dereitos laborais ao persoal investigador?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2020

Asdo.: **Carme González Iglesias**  
**Ramón Fernández Alfonzo**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Pérez López**  
**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**


**Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2020 18:22:12**

**María do Carme González Iglesias na data 03/09/2020 18:22:15**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 03/09/2020 18:22:23**

**Daniel Pérez López na data 03/09/2020 18:22:33**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

